PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 366 | VIII lexislatura | 1 de decembro de 2010

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 116470

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011.

A Ponencia designada pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para emitir informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1

Antecedentes

1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 20 de outubro de 2010.
2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 20 de outubro de 2010, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 337, do 20.10.2010) e a apertura do prazo de presentación de emendas á totalidade, que rematou o día 8 de novembro de 2010 e o 17 de novembro de 2010 para as parciais.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

3. As emendas á totalidade foron cualificadas o 12 de novembro de 2010 e, como consecuencia da estimación dun recurso de reconsideración, o día 17 do mesmo mes e ano. O Grupo Parlamentario dos Socialistas formulou 32 emendas e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 50 emendas, que foron desbotadas na sesión do Pleno do 22 de novembro de 2010.

As emendas parciais, que foron cualificadas o 22 de novembro de 2010, son as seguintes:
G.P. Popular de Galicia: 11 emendas ao articulado e 22 emendas ao estado de gastos. Total: 33 emendas.

G.P. dos Socialistas de Galicia: 63 emendas ao articulado e 460 ao estado de gastos. Total: 523 emendas.

G.P. do BNG: 14 emendas ao articulado e 549 ao estado de gastos. Total: 563 emendas.
Número total de emendas parciais: 1.119.

2
Constitución, composición e reunións da Ponencia

1. Constitución e composición da Ponencia.

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 25 de novembro de 2010, designou os seguintes ponentes:

- Do G.P. Popular de Galicia: D. Pedro Puy Fraga (titular) e D. Alberto Sueiro Pastoriza (suplente).
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia: D.ª María José Caride Estévez (titular) e D. Abel Fermín Losada Álvarez (suplente).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: D. Fernando Xabier Blanco Álvarez (titular) e D. Henrique Viéitez Alonso (suplente).

2. Reunións da Ponencia.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 25 de novembro de 2010.
Na seguinte e derradeira reunión, que tivo lugar o día 29 de novembro de 2010, estudouse o proxecto de lei e as emendas e rematouse o informe.

3
Elaboración do informe

1. Articulado.

O ponente do Grupo Parlamentario Popular recoméndalle a Comisión a aceptación das emendas formuladas por este grupo parlamentario.

Recoméndase a aceptación das emendas números 3, 4, 16 e 26 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Suxírese a aceptación dunha transacción entre o parágrafo terceiro da alínea Catro da disposición adicional quinta e a emenda número 49 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Queda pendente para a Comisión a emenda número 23 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

A ponente do Grupo Parlamentario dos Socialistas retira as emendas números 19 e 21, por conteren definicións xa recollidas na normativa reguladora das subvencións.

Verbo das restantes emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas e das formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda que se desboten.

2. Estados numéricos.

O ponente do Grupo Parlamentario Popular recoméndalle a Comisión a aceptación das emendas ao estado de gastos formuladas por este grupo parlamentario.
Respecto das formuladas polos demais grupos parlamentarios, acórdase deixalas pendentes para a Comisión.

4
Texto articulado do informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

Exposición de motivos.
I

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 son o instrumento por excelencia para a transmisión dos obxectivos da política económica da Xunta, formulados no Plan estratéxico Galicia 2010-2014: Horizonte 2020, coa finalidade de levar a cabo un novo modelo de desenvolvemento social e económico e un novo modelo produtivo que aproveite de cheo as capacidades e potencialidades das persoas e dos recursos de Galicia.

Deseñados baixo condicións financeiras moi restritivas e nun contexto económico desfavorable, a política económica que conteñen estes orzamentos é responsable co principio de sustentabilidade das finanzas públicas, á vez que manteñen a calidade e cobertura dos servizos públicos esenciais.

O Plan estratéxico de Galicia prevé, segundo o disposto no artigo 46.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, un escenario plurianual que conteña as liñas básicas da actuación a medio prazo do sector público galego, e por iso a estrutura dos orzamentos –ademais de dispoñerse baixo as clasificacións por capítulos, seccións e funcionais– atende a unha clasificación e xerarquización baseada na estratexia desenvolvida no Plan estratéxico segundo a cal todos os proxectos de gasto perseguen acadar o obxectivo xeral establecido naquel: “un crecemento sustentable e creación de emprego, aumentando a cohesión social e

o equilibrio territorial", e se encadran dentro de cinco eixes prioritarios de actuación que se desdobran en dezaseis obxectivos estratéxicos que atenden directamente á superación das debilidades e ameazas e ao aproveitamento das fortalezas e oportunidades que se lle presentan a Galicia nun mundo máis aberto, globalizado e competitivo e que require de novas actitudes e formas de colaboración.

Ademais, o Plan estratéxico, coa finalidade de determinar o grao en que se van alcanzando os obxectivos previstos nel, establece un sistema de indicadores para facilitar o seu seguimento e permitir unha análise do circuíto financeiro das políticas públicas da Xunta de Galicia coa finalidade de acadar a máxima eficiencia dos recursos públicos.

Así, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, entroncados coa política económica do Goberno, manteñen un compromiso, obedecen a un modelo, gañan en coherencia e permiten orientar con maior precisión as estratexias, apuntando como resultado cara a unha administración máis eficiente e unha gobernanza mellor xestionada, en beneficio dos cidadáns.

II

A parte dispositiva da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2011 responde aos criterios doutrinalmente acuñados pola normativa financeira en canto a reflectir, por unha parte, o contido mínimo, necesario e indispoñible que lles corresponde, constituído pola determinación das previsións de ingresos e das autorizacións de gastos correspondentes ao exercicio orzamentario. Por outra parte, xunto ao anterior, incorpórase o que se veu cualificar como eventual, é dicir, o referido a materias que gardan relación coas previsións de ingresos e habilitacións de gastos ou que están conectadas cos principios de política económica que serven de complemento á actuación do Goberno en prol da eficacia na execución orzamentaria.

A lei consta de seis títulos, dez disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras.

No título primeiro, "Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito", recóllese a parte esencial do orzamento, en canto que o seu capítulo I inclúe a totalidade dos gastos e ingresos que conforman os orzamentos da Comunidade Autónoma e que están integrados polos da Administración xeral, os dos seus organismos autónomos, os das axencias públicas, os das sociedades públicas, os das fundacións, os dos consorcios e os daqueles entes nos que concorren os requisitos para estar integrados no sector público. Así mesmo, este capítulo reflicte os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente á Comunidade Autónoma e o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións da Comunidade.

No capítulo II deste título regúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias, con expresión das regras de vinculación que afectan aos créditos

orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos. Entre as novidades desta lei, hai que destacar a incorporación, no artigo relativo á adecuación de créditos, dun novo suposto que permite a reasignación dos créditos incorporados que non amparen compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, para conseguir o máximo grao de execución dos fondos procedentes da Unión Europea. Destacan tamén as novas limitacións para a transferencia de créditos cando resulten afectados os capítulos I e VIII, e as novas excepcións para as transferencias dos capítulos VI e VII aos de gasto corrente, cando afecten a atrasos de persoal, sentenzas xudiciais e xuros de demora.

No título II, "Gastos de persoal", o seu capítulo I, referido ás retribucións do persoal, mantén para o 2011 as establecidas no ano 2010, non considerando ningún incremento nin para os funcionarios nin para o persoal laboral, nin para o persoal ao servizo das institucións sanitarias. Así mesmo, mantéñense as retribucións dos altos cargos e doutro persoal directivo. Tamén, conforme o disposto no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, difírese a aplicación dos pactos e acordos que supoñan incrementos retributivos para o 2011.

No seu capítulo II destaca como novidade a modificación das relacións de postos de traballo para axustalas á creación de prazas derivadas de sentenzas xudiciais firmes que declaren relacións laborais indefinidas. Tamén se prevé que, na oferta pública de emprego ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal para o ano 2011, o número total de prazas de novo ingreso será como máximo igual ao 10 % da taxa de reposición de efectivos e se concentrará nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Por último, completa este capítulo un bloque de tres artigos, dedicados ao establecemento das regras aplicables no 2011 á contratación de persoal laboral e ao nomeamento de funcionarios interinos no ámbito da administración, organismos autónomos e axencias públicas, á contratación de persoal temporal no sector público e á contratación de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

No título III, "Operacións de endebedamento e garantía", establécese a contía máxima do incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma, que non supera o 1,3 % do PIB, polo que a Comunidade, un exercicio orzamentario máis, se acomoda estritamente aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira e se sitúa na senda de redución do déficit establecida para o período 2009-2013 no acordo do citado órgano do 20 de maio de 2010. Ademais, considérase especificamente a subrogación da Administración xeral na posición debedora de operacións que formalizaron sociedades que lle pertenzan nun cen por cen, cando se decida a súa disolución.

Continuando coa política de impulso no apoio financeiro aos proxectos empresariais, establécese, para o 2011, a contía máxima para os avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, que alcanza a cifra de 500.000.000 de euros.

No título IV, “Xestión orzamentaria”, mantéñense os preceptos dedicados á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos por substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á revisión de prezos contidos en contratos e concertos e ás transferencias de financiamento, concesións directas de axudas e subvencións e exencións nas obrigas dos beneficiarios das axudas. No que atinxe aos expedientes de dotación artística, introdúcense pequenas modificacións para facer referencia á natureza do crédito ampliable na consellaría competente en materia de cultura.
Como novidades deste título cabe significar a introdución dun precepto que regula os documentos que serven como xustificantes dos gastos e dos pagamentos nas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da Unión Europea, e en prol do cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria regúlase o carácter preceptivo e vinculante do informe da consellaría competente en materia de facenda, sobre os efectos que as condicións de préstamos con cargo a créditos do capítulo VIII poidan ter para o referido cumprimento.

A novidade máis importante deste título IV constitúea a incorporación dun precepto dedicado aos contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública, no que se establece como requisito para a súa autorización un informe previo e vinculante da Consellería de Facenda en que se analicen os aspectos financeiros, a súa repercusión nos orzamentos futuros e nos obxectivos de estabilidade orzamentaria, o seu tratamento en termos de contabilidade nacional e a súa coherencia coa planificación estratéxica e a incidencia na economía galega e no equilibrio territorial. Finalmente, establécese que a documentación orzamentaria conterá un anexo informativo sobre os contratos deste tipo que se formalicen, no que se indicará a contía do investimento e os compromisos de pagamento anuais.

No título V, “Corporacións locais”, detállase para os concellos e as deputacións as transferencias que lles corresponden como consecuencia dos convenios e subvencións que figuran nos programas de gastos que forman parte dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Como novidade destacada, cómpre salientar o novo tratamento da participación dos entes locais nos tributos do Estado, que, consonte a natureza da actividade desenvolvida pola Comunidade, pasarán a ter tratamento extraorzamentario. Finalmente, este título recolle a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma, que se instrumenta a través do Fondo de Cooperación Local, dotado neste exercicio orzamentario cunha contía de 114.000.000 de euros, na que se manteñen as entregas a conta que recibiron no 2010. Como novidade amplíanse os supostos de compensación de débedas das corporacións locais con cargo ás dotacións que lles correspondan no Fondo de Cooperación Local.

No título VI, “Normas tributarias”, polo que se refire aos tributos propios, introdúcense modificacións de taxas debidas, principalmente, á adaptación de tarifas e á revisión

dalgunhas das regras establecidas nas taxas esixidas na actividade portuaria da Comunidade.

Remata este título cun artigo destinado ao establecemento de criterios para a afectación de tributos propios, de modo que o tramo autonómico do imposto sobre vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos queda afectado, exclusivamente, a gastos sanitarios. Pola súa parte, o imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada queda afectado a gastos de investimento que con destino ao saneamento, protección e mellora do medio natural, obras ou servizos hidráulicos realice o organismo competente en materia de augas. Finalmente, especifícanse os programas de gasto da Comunidade cuxos investimentos se van financiar con parte da dotación do Fondo de Compensación Ambiental.

Nas dez disposicións adicionais abórdanse diversos aspectos. As relativas á información ao Parlamento, ao plan de restablecemento do equilibrio nos orzamentos das sociedades públicas, á autorización dos orzamentos nas sociedades de nova creación, aos orzamentos iniciais das axencias públicas, á venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, ás prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos e á modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde xa se prevían na Lei de orzamentos do 2010. Algunha outra, como a relativa a prestacións familiares por coidado de fillos, foi obxecto de matización coa finalidade de evitar que se poidan simultanear, para o mesmo menor, a dedución por nacemento de fillos do imposto sobre a renda das persoas físicas e esta prestación.

Tamén destaca a incorporación para o 2011 dun sistema de revisión dos concertos, contratos e convenios de colaboración que subscribisen a Administración xeral ou as entidades do sector público galego e que conteñan módulos referenciados ás retribucións de persoal, co obxecto de adecuar os seus importes ás previsións desta lei sobre as novas condicións retributivas, cunha referencia concreta á suspensión de acordos no ámbito do ensino concertado.

Entre estas disposicións adicionais merece unha especial atención a nova regulación do Fondo de Cooperación Local, como instrumento da participación das corporacións locais nos tributos da Comunidade. Nela establécese a porcentaxe que, para o 2011, representa esta participación, unha vez realizada a homoxeneización correspondente ás novas porcentaxes de cesión dos tributos establecidos pola normativa reguladora do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía. Establécese que a repartición inicial do mencionado exercicio non poderá ser inferior ás cantidades recibidas por cada concello no 2010 pola súa participación nos diferentes fondos existentes nese ano, e, finalmente, concrétase o índice de evolución do Fondo de Cooperación Local para os exercicios posteriores ao 2011, que seguirá as variacións que experimente a recadación dos capítulos de ingresos tributarios da Administración xeral. Fíxase tamén o réxime de dotacións orzamentarias, entregas a conta, pagamento e liquidación do fondo.

A lei conta con tres disposicións transitorias, dedicadas a regular, respectivamente, as retribucións do persoal do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, en tanto non entre en vigor a Lei reguladora do Consello Galego da Competencia; o réxime de redución da contía da tarifa X-5 de Portos de Galicia; e o réxime transitorio de ocupación do dominio público, mediante medios persoais, de inmobles afectos a actividades administrativas, que seguirán rexéndose polo disposto no seu título ata a súa extinción.

Na súa disposición derrogatoria, a lei derroga preceptos e normas que quedaron sen obxecto ou contido como consecuencia do establecido na disposición adicional quinta da lei sobre a nova regulación do Fondo de Cooperación Local.

Polo que se refire ás disposicións derradeiras, establécese que as concesións concedidas na illa de Ons quedan suxeitas ao pagamento dunha taxa anual pola utilización privativa dos inmobles existentes nela.

Título I

Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito

Capítulo I
Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento

Artigo 1. Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, nos que se integran:

a) Os orzamentos da Administración xeral.

b) Os orzamentos dos organismos autónomos.

c) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.

d) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas de carácter mercantil con participación maioritaria da Comunidade e daquelas nas que concorran os requisitos determinados polo sistema europeo de contas para integrarse no sector da Administración pública autonómica de Galicia.

e) Os orzamentos das entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado.

f) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico nas que concorran os requisitos determinados polo sistema europeo de contas para integrarse no sector da Administración pública autonómica de Galicia.

g) Os orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo sistema europeo de contas para integrarse no sector da Administración pública autonómica de Galicia.

h) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.

Artigo 2. Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 9.708.017.216 euros, distribuídos da forma seguinte:

Entes públicos	Explotación	Capital
Axencia Galega de Emerxencias	4.733	4.212
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	18.140	6.950
Consello Económico e Social	788	0
Instituto Galego de Promoción Económica	40.831	233.748
Portos de Galicia	28.497	18.752
Instituto Enerxético de Galicia	27.788	14.624
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.127	26.852
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	3.249	3.033

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	3.297	562
Consello Galego de Relacións Laborais	1.363	14
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, S.A.	3.824	89.124
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades	79.489	46.256
TOTAL	215.127	444.126

(Miles de Euros)

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 3.573.141.872 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			
	OOAA administrativos	OOAA comerciais, industriais e financeiros	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración xeral	3.397.275.702	163.619.328	12.246.842	3.573.141.872
Total	3.397.275.702	163.619.328	12.246.842	3.573.141.872

Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

Funcións	Importe
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	39.100.199
12 Administración xeral	71.795.941
13 Xustiza	106.291.612
14 Administración local	8.631.099
15 Normalización lingüística	11.095.357
21 Protección civil e seguridade	21.582.475
31 Acción social e promoción social	612.676.605
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	354.476.341
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.866.487
41 Sanidade	3.545.214.427
42 Educación	2.222.223.280
43 Cultura	82.590.797
44 Deportes	22.755.181
45 Vivenda	97.688.640
46 Outros servizos comunitarios e sociais	113.810.663
51 Infraestruturas	346.356.663
52 Ordenación do territorio	31.150.208
53 Promoción de solo para actividades económicas	8.143.021
54 Actuacións ambientais	192.965.032
55 Actuacións e valorización do medio rural	134.973.630
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	114.295.466
57 Sociedade da información e do coñecemento	59.384.013
58 Información estatística básica	4.567.125

61 Actuacións económicas xerais	32.395.000
62 Actividades financeiras	57.490.056
71 Dinamización económica do medio rural	321.675.654
72 Pesca	129.704.454
73 Industria, enerxía e minaría	35.813.766
74 Desenvolvemento empresarial	122.874.429
75 Comercio	20.983.174
76 Turismo	52.591.470
81 Transferencias a entidades locais	119.679.062
91 Débeda pública	605.175.889
Total	9.708.017.216

Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.845.440	6.513.599		2.625.586		538.300	18.000	105.000		19.645.925
Consello de Contas	5.298.660	1.449.658		2.705		783.587		36.061		7.570.671
Consello da Cultura Galega	1.264.775	1.140.152		35.000		234.110				2.674.037
Presidencia da Xunta	18.221.403	9.606.944		31.103.210		46.044.213	19.607.078	101.147.783		225.730.631
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	111.806.370	34.222.899	4.330	33.155.117		9.316.902	13.886.539	50.000		202.442.157
Facenda	28.633.409	3.852.798	2.450	11.433.347		3.386.725	7.920.380	212.500		55.441.609
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	31.904.460	3.534.381	210.000	41.099.787		299.829.483	168.828.443			545.406.554
Economía e Industria	13.791.699	1.338.974		43.831.911		6.990.439	174.921.330	20.952.000		261.826.353
Educación e Ordenación Universitaria	1.353.178.523	208.524.655		563.861.691		53.705.516	43.025.457			2.222.295.842
Sanidade	46.343.900	1.649.318		3.229.158.320		25.602.123	64.954.418			3.367.708.079
Cultura e Turismo	27.944.092	4.738.180		27.063.012		22.859.453	50.609.021			133.213.758
Traballo e Benestar	177.855.021	197.380.142	3.109	536.350.464		18.486.982	10.152.700	255.000		940.483.418
Medio Rural	145.306.101	10.474.394		15.789.414		135.193.680	218.284.939			525.048.528
Mar	29.903.688	3.123.510		2.768.535		41.705.255	98.077.237			175.578.225
Consello Consultivo de Galicia	1.668.052	364.667				133.000				2.165.719
Transferencias a CCLL				114.324.062						114.324.062
Débeda pública			195.515.812						409.660.077	605.175.889
Gastos diversas consellarías	10.286.392	17.838.000		5.505.000		12.785.000		2.975.000		49.389.392
Total Administración xeral	2.013.251.985	505.752.271	195.735.701	4.658.107.161		677.594.768	870.285.542	125.733.344	409.660.077	9.456.120.849
Escola Galega de Administración Pública	1.074.017	1.985.028		79.823		207.702				3.346.570
Academia Galega de Seguridade Pública	752.644	1.775.921				73.352				2.601.917
Instituto Galego de Estatística	2.950.017	376.900				970.092				4.297.009
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	385.993	164.153		10.000						560.146
Augas de Galicia	5.474.577	953.980		370.000		16.846.077	96.508.125			120.152.759
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	4.123.807	229.875				331.200				4.684.882
Instituto Galego da Vivenda e Solo	10.299.930	2.787.545		12.843.363		36.982.664	37.393.159	5.525.000		105.831.661
Instituto Galego de Consumo	4.791.675	672.623		268.000		583.000	337.000			6.652.298
Servizo Galego de Saúde	1.560.040.982	828.749.193		932.928.909	77.820.200	64.427.327	527.091	650.000		3.465.143.702
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.494.501	728.533				1.159.752				7.382.786
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.890.937	743.064		20.000		1.629.203	84.354.463			91.637.667
Total Organismos autónomos	1.600.279.080	839.166.815		946.520.095	77.820.200	123.210.369	219.119.838	6.175.000		3.812.291.397
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.314.059	778.819		586.744		3.563.220	5.504.000			12.746.842
Total axencias públicas autonómicas	2.314.059	778.819		586.744		3.563.220	5.504.000			12.746.842
Total orzamento bruto	3.615.845.124	1.345.697.905	195.735.701	5.605.214.000	77.820.200	804.368.357	1.094.909.380	131.908.344	409.660.077	13.281.159.088
Total transferencias internas				3.276.942.519			296.199.353			3.573.141.872
Total orzamento consolidado	3.615.845.124	1.345.697.905	195.735.701	2.328.271.481	77.820.200	804.368.357	798.710.027	131.908.344	409.660.077	9.708.017.216

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 9.708.017.216 euros, distribuídos da seguinte forma:

Organismo	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e organismos estatutarios	8.291.106.899	20.105.000	1.144.908.950	9.456.120.849
OOAA administrativos	216.896.367	650.000		217.546.367
OOAA comerciais, industriais e financeiros	33.850.000	0	0	33.850.000
Axencias públicas autonómicas	500.000			500.000
Total	8.542.353.266	20.755.000	1.144.908.950	9.708.017.216

Cinco. Os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímanse en 128.146.509 euros, consonte o seguinte detalle:
— Imposto sobre sucesións e doazóns: 77.303.218 euros.
— Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 10.971.019 euros.
— Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 39.872.272 euros.
En cumprimento do establecido no artigo 55.2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 85.416.117 euros.

Artigo 3. Orzamento das sociedades públicas

Un. Sociedades mercantís.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís ás que se refire a letra d) do artigo 1 desta lei, que recollen as súas estimacións de gastos e as previsións de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 4.

Dous. Entes públicos.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital dos entes públicos aos que se refire a letra e) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 5.

Tres. Aprobación de subvencións de explotación e de capital ás sociedades públicas.
Autorízanse as dotacións iniciais de subvencións de explotación e de capital ás sociedades públicas ás que se refiren as letras d) e e) do artigo 1 desta lei, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 6.

Artigo 4. Orzamentos de fundacións e consorcios

Un. Fundacións.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións aos que se refire a letra f) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 7.

Dous. Consorcios.
Apróbanse os estados de gastos e ingresos dos consorcios aos que se refire a letra g) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 8.

Capítulo II

Das modificacións orzamentarias

Artigo 5. Réxime xeral das modificacións orzamentarias

Un. As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous. As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, e recollerán adecuadamente os motivos que as xustifican, tanto os relativos á realización do novo gasto proposto coma, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista e á repercusión sobre os obxectivos do programa afectado.

Á comunicación á que se refire a disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican en relación co novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado en relación cos inicialmente previstos.

Artigo 6. Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do período de programación 2007-2013 que resulten aplicables, así como para as reasignacións destes créditos a que se refire a alínea Dous do artigo 10.

b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.

c) Para incorporar ao crédito 12.02.312A.480.1 (Risga), do orzamento do ano 2011, o crédito 12.02.312A.480.1 do ano 2010, destinado á renda de integración social de Galicia, na parte que non acadase a fase “O” en contabilidade.

d) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de probas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, “Taxas administrativas”.

e) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral, ou, se é o caso, nos dos organismos autónomos, no suposto previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados.

f) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, destinado á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións.

g) Para xerar crédito polo importe que corresponda á maior recadación das taxas e prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo 1 desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financeiro, de acordo co previsto no artigo 10.

h) Para xerar crédito polo importe que corresponda aos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.

i) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, por contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

j) Para xerar crédito por ingresos derivados de pagamentos indebidos efectuados con cargo a créditos do orzamento corrente ou de anteriores exercicios.

k) Para xerar crédito na sección 13, Consellería do Medio Rural, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellaría interesada, a Consellería de Facenda tramitará o oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

l) En relación co orzamento do Servizo Galego de Saúde:

1. Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

— 30, “Taxas administrativas”.
— 37, “Ingresos por ensaios clínicos”.
— 36, “Prestacións de servizos sanitarios”, e 39, “Outros ingresos”, computados conxuntamente.

2. Para xerar crédito derivado dos ingresos devengados en exercicios anteriores que non acadasen a fase de recoñecemento do dereito e que correspondan ao financiamento dos centros e servizos sanitarios transferidos á Comunidade Autónoma polas corporacións

locais, sempre que excedan as cifras orzadas inicialmente por eses conceptos no correspondente exercicio.

3. Para xerar crédito en relación cos ingresos derivados de acordos transaccionais formalizados coas corporacións locais en materia de financiamento dos hospitais transferidos.

4. Para autorizar modificacións de crédito destinadas á atención de necesidades que se produzan ao longo do exercicio en calquera capítulo de gastos do Servizo Galego de Saúde, en relación coas dotacións do Fondo de Continxencia orzado no capítulo V dese organismo autónomo.

m) Para xerar crédito nas aplicacións orzamentarias de gasto do organismo autónomo Augas de Galicia financiadas polo canon de saneamento, polo importe correspondente aos maiores ingresos recadados sobre os orzados inicialmente.

n) Para xerar crédito no capítulo VIII de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións ás que se refire o parágrafo terceiro da alínea Un e a letra b) da alínea Dous do artigo 33 desta lei.

ñ) Para xerar crédito nos organismos, axencias e demais entidades do sector público polos ingresos que se produzan neles cando resulten beneficiarios das ordes de convocatorias de axudas realizadas polas consellarías.

o) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indispoñibilidade do crédito.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superaren o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección da que se trate.

p) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas e dos entes públicos para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

q) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, da posta en marcha de organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ou do traspaso de competencias nas que estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse incremento de gasto.

r) Para autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellaría, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes a financiamento condicionado.

s) Para autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma ou de distinta consellaría, cando teñan por obxecto redistribuír remanentes de crédito do capítulo I.

t) Para efectuar no orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica as modificacións que sexan precisas para a disposición do préstamo autorizado na alínea Dous do artigo 33 desta lei.

Artigo 7. Vinculación de créditos

Un. Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

120.20, “Substitucións de persoal non docente”.
120.21, “Substitucións de persoal docente”.
120.22, “Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes”.
120.24, “Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente”.
121.07, “Sexenios”.
130.02, “Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade”.
131, “Persoal laboral temporal”.
131.24, “Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal”.
132, “Persoal laboral temporal (profesorado de relixión)”.
133, “Persoal laboral indefinido”.
136, “Persoal investigador en formación”.
220.03, “Diario Oficial de Galicia”.
226.01, “Atencións protocolarias e representativas”.
226.02, “Publicidade e propaganda”.
226.06, “Reunións, conferencias e cursos”.
226.13, “Gastos de funcionamento de tribunais de oposicións e de probas selectivas”.
227.06, “Estudos e traballos técnicos”.
228, “Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais”.
229, “Gastos de funcionamento de centros docentes non universitarios”.

A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 12.06.312E.227.65, “Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal”, e ás diferentes aplicacións do capítulo VI correspondentes a mandatos á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

Os conceptos 480, “Transferencias correntes a familias”, e 481, “Transferencias correntes a institucións sen fin de lucro”, por unha parte, e os conceptos 780, “Transferencias de capital a familias”, e 781, “Transferencias de capital a institucións sen fin de lucro”, pola outra, serán vinculantes entre si. A mesma consideración terán os créditos dos subconceptos 221.07, “Comedores escolares”, e 223.08, “Transporte escolar”, que vincularán entre eles.

Dous. As transferencias ás que se refire o artigo 67 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando afecten aos créditos anteriores, deberán ser autorizadas pola persoa titular da Consellería de Facenda.

Artigo 8. Créditos ampliables

Un. Con independencia dos supostos previstos no punto 1 do artigo 64 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente condición de ampliables os créditos seguintes:

a) Os incluídos na aplicación 06.04.621A.227.08, destinados ao pagamento dos premios de cobranza autorizados pola recadación de tributos e demais ingresos de dereito público.

b) Os destinados a satisfacer as cantidades que deben percibir as persoas titulares de oficinas liquidadoras dos distritos hipotecarios en concepto de indemnizacións e compensacións dos gastos orixinados pola recadación e xestión de autoliquidacións practicadas polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e pola recadación e práctica das liquidacións do imposto sobre sucesións e doazóns.

c) As obrigas contraídas no exterior e que deban ser pagadas en divisas de cambio variable, pola diferenza existente entre o tipo de cambio previsto e o seu importe real no momento do pagamento.

d) Os destinados ao pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma. Cando se trate dun organismo autónomo ou dunha sociedade pública, a ampliación materializarase a través da sección orzamentaria á que figuren adscritos.

e) Os créditos destinados ao pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, soares, locais e edificacións complementarias correspondentes ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, así

como os referidos aos traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

f) Os créditos de transferencias a favor da Comunidade Autónoma que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas ata o importe dos remanentes da tesouraría que resulten como consecuencia da súa xestión.

g) Os incluídos na aplicación 12.02.312B.480.0, destinados ao pagamento de prestacións familiares, por fillos menores de 3 anos ao seu cargo, a persoas que non están obrigadas a presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

h) Os incluídos na aplicación 21.01.811B.460.1, con destino ao pagamento da liquidación de exercicios anteriores, que corresponde ao Fondo de Cooperación Local.

i) Os créditos vinculantes incluídos nas aplicacións 120.20, “Substitucións de persoal non docente”, 120.21, “Substitucións de persoal docente”, e 120.22, “Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes”, que se considerarán ampliables unicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo.

j) Os créditos incluídos na aplicación 04.40.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero.

k) Os incluídos na aplicación 23.03.621A.890.00, destinados ao Fondo de Garantía de Avais.

Esta ampliación financiarase con baixa nas dotacións da aplicación 08.01.741A.740.0 e das correspondentes ao Instituto Galego de Promoción Económica.

l) Os créditos da sección 11, “Consellería de Cultura e Turismo”, a que se refire o artigo 53 desta lei.

l bis) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas ampliaranse de xeito que permitan dar cobertura a todos os solicitantes que cumpran os requisitos esixidos pola administración e garantir un incremento da contía percibida por cada perceptor do 3 % sobre a existente no ano 2010.

l ter) Os créditos destinados ao pagamento da Risga deben garantir esta prestación a todos os solicitantes con dereito á prestación, suplementando a contía percibida en 2010 nun 3 %.

Dous. Para os efectos do previsto no artigo 64.1.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de

outubro, terán a consideración de seccións orzamentarias as secretarías xerais da Presidencia.

Tres. O financiamento das ampliacións de crédito, ademais de por medio dos mecanismos previstos no artigo 64.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios.

Artigo 9. Transferencias de crédito

Un. Con independencia das limitacións ás que se refire o artigo 68.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e sen prexuízo do previsto no punto 3 do citado artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan aos capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente.

Esa restrición non lles será aplicable:

a) Cando se destinen á atención de gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras situacións de natureza análoga e carácter excepcional, logo da declaración polo Consello da Xunta da situación excepcional, catastrófica ou de análoga natureza.

b) Aos incrementos do capítulo I que, se é o caso, poidan orixinarse polo desenvolvemento de procesos de regularización derivados de acordos sobre materias de función pública subscritos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

c) Aos incrementos do capítulo I derivados do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución.

d) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto no alínea Catro do artigo 30 desta lei.

e) Excepcionalmente, cando as características das actuacións que deban executarse para o cumprimento da finalidade do programa orzamentario previsto esixan a adecuación da natureza económica do gasto.

f) Cando teñan por obxecto atender as obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sempre que se xustifique a imposibilidade de tramitalas con cargo a gasto corrente.

g) As transferencias para atender xuros de demora cando se xustifique a imposibilidade de tramitalas con cargo a gasto corrente.

Dous. Polo que se refire ás seccións 09, “Educación e Ordenación Universitaria”, 10, “Sanidade”, e 12, “Traballo e Benestar”, no que afecte a créditos destinados a prestacións sociais, a limitación indicada na alínea anterior unicamente será aplicable unha vez superado o 5 % das dotacións iniciais dos capítulos VI e VII. Esa porcentaxe será do 20 % para o Servizo Galego de Saúde.

No caso de que as transferencias realizadas baixo este suposto incrementaren créditos do capítulo I destinados ao asinamento de contratos de duración determinada previstos no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, cando a modalidade de contratación sexa de realización de obra ou servizo prevista na letra a) do artigo 1 da citada disposición, será necesaria a existencia de informe previo e favorable da Dirección Xeral da Función Pública sobre a adecuación da modalidade de contratación que se pretende.

Tres. Sen prexuízo do disposto no resto de alíneas deste artigo, as transferencias de crédito axustaranse ás seguintes regras:

a) Poderán incrementarse os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias dos subconceptos 131.24, “Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal”, e 120.24, “Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente”, mediante transferencias de crédito do concepto 131, cun límite máximo conxunto do 30 % dos créditos iniciais do dito concepto. A superación deste límite con cargo a outros conceptos do capítulo I deberá ser autorizada polo Consello da Xunta por proposta do departamento solicitante e con informe previo da Intervención Xeral e da Dirección Xeral de Orzamentos.

b) Non se incrementarán os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do subconcepto 226.02, “Publicidade e propaganda”; 227.06, “Estudos e traballos técnicos”; 226.01, “Atencións protocolarias”; e 226.06, “Reunións, conferencias e cursos”.
Con todo, a limitación que atinxe ao 226.02, “Publicidade e propaganda”, non afectará o Servizo Galego de Saúde nin a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza cando a transferencia teña a súa causa na necesidade de facer público calquera tipo de modificación no funcionamento dos servizos sanitarios que deba ser coñecida polos usuarios ou de medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas da existencia de riscos non previstos.

c) Non se poderán diminuír os créditos consignados no programa 312D, “Servizos sociais de atención ás persoas dependentes”.

d) Non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo I e do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

Catro. As limitacións sobre transferencias de crédito contidas nas letras b) e c) do artigo 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non afectarán as transferencias de crédito que se refiran aos artigos 43 e 73 da clasificación económica do gasto.

Con independencia do anterior, esas mesmas limitacións entenderanse referidas, no orzamento do Servizo Galego de Saúde, ao orzamento individualizado de cada un dos centros de gasto e non aos orzamentos totais.

Cinco. Ás transferencias de crédito que afecten unicamente a clasificación orgánica e que se efectúen entre centros de gasto do Servizo Galego de Saúde non lles serán aplicables as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por teren a consideración de simples redistribucións de crédito.

Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribucións de créditos as transferencias dentro dos centros que teñan a consideración de área sanitaria ou xerencia de xestión integrada, sempre que non afecten a clasificación económica.

Seis. Ás transferencias de crédito que afecten ás aplicacións do Servizo Galego de Saúde e que financien sociedades mercantís e entes públicos de carácter sanitario non lles serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68.1 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Así mesmo, quedan exceptuadas das limitacións establecidas no artigo sinalado no parágrafo anterior as transferencias entre partidas que financien sociedades públicas autonómicas cando estean afectadas por procesos de reordenación administrativa funcional autorizados polo Consello da Xunta de Galicia.

Sete. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nas alíneas anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 %.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.

b) Cando se refiran á sección 23, “Gastos de diversas consellarías”.

c) Cando se refiran ao centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.

d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.

e) Cando se refiran aos créditos consignados no concepto 500, “Fondo de continxencia da Lei 5/2002”, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde.

f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.

g) As que se refiren aos artigos 43 e 73 da clasificación económica do gasto.

h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos.

i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.

j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.

k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.

l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas ás que se refire o artigo 60.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

m) Cando afecten a transferencias entre os capítulos II e IV de gasto.

Artigo 10. Adecuación de créditos

Un. Para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2011, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida en que estes últimos difiran dos inicialmente previstos nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Sen prexuízo do indicado na letra o) do artigo 6 desta lei, o Consello da Xunta adoptará, por proposta da Consellería de Facenda, os acordos de non dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto no parágrafo anterior.

Dous. Para conseguir o máximo grao de execución posible dos fondos procedentes da Unión Europea, os créditos incorporados que non amparen compromisos de gastos debidamente adquiridos nos exercicios anteriores poderán ser reasignados a outras actuacións, da mesma ou distinta consellaría ou organismo, con suxeición aos respectivos plans financeiros e disposicións dos programas operativos e da normativa que os regula, por proposta motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos respectivos programas, ou da autoridade de xestión no caso do Feader.

Artigo 11. Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría

Os organismos autónomos, as axencias públicas e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado transferiranlle ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, “Imprevistos e funcións non clasificadas”, unha vez analizada a súa repercusión en termos de contabilidade nacional.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderalles limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

Artigo 12. Consello de Contas

Con suxeición ás limitacións e requisitos establecidos con carácter xeral, as autorizacións de ampliacións e transferencias de crédito que se lle atribúen á persoa titular da Consellería de Facenda entenderanse referidas ao órgano competente do Consello de Contas cando correspondan ao orzamento do citado consello.

As modificacións autorizadas deberán serlle comunicadas para a súa instrumentación á Dirección Xeral de Orzamentos.

Título II

Gastos de persoal

Capítulo I

Retribucións do persoal

Artigo 13. Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal

Un. As retribucións íntegras do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non poderán experimentar no ano 2011 ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2010, resultantes da aplicación, en termos anuais, da redución de retribucións establecidas pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

Dous. As retribucións que percibirá no ano 2011 o persoal funcionario ao que resulta aplicable o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público incluído no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta do citado Estatuto básico, no concepto de soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2011, que corresponda ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou escala a que pertenza a persoa funcionaria, referidas a doce mensualidades, serán as seguintes:

Grupo/Subgrupo	Soldo	Trienios
Lei 7/2007		
A1	13.308,60	511,80
A2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24
C1	8.640,24	315,72
C2	7.191,00	214,80

E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais(Lei 7/2007, do 12 de abril)	6.581,64	161,64

Os funcionarios aos que se refire o punto anterior percibirán, en cada unha das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro no ano 2011, no concepto de soldo e trienios, as seguintes contías:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A1	684,36	26,31
A2	699,38	25,35
B	724,50	26,38
C1	622,30	22,73
C2	593,79	17,73
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	548,47	13,47

Tres. Para efectos do disposto na alínea anterior, as retribucións que percibirá o persoal funcionario que ata a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 viñan referenciadas aos grupos de titulación previstos na lexislación da función pública galega, e que se corresponden nos mesmos termos cos grupos recollidos no texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, pasan a estar referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, sen experimentar

outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entre ambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

Grupo A Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A1 Lei 7/2007
Grupo B Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A2 Lei 7/2007
Grupo C Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C1 Lei 7/2007
Grupo D Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C2 Lei 7/2007
Grupo E Decreto lexislativo 1/2008	Agrupacións profesionais Lei 7/2007

Catro. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. Debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos para o ano 2011.

Cinco. O disposto nas alíneas precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos.

Seis. Este artigo aplicaráselle ao persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, o dito sector público está constituído por:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.

c) As axencias públicas autonómicas.

d) As universidades de Galicia.

e) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma.

f) As sociedades públicas autonómicas de carácter mercantil e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado.

g) Os consorcios aos que se refire o artigo 48.1.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 14. Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non sometido á lexislación laboral

Un. As retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico non experimentarán ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2010 resultantes da aplicación, en termos anuais, da redución de retribucións establecidas pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

As pagas extraordinarias do persoal incluído no ámbito de aplicación deste artigo, e que se percibirán nos meses de xuño e decembro, serán o importe de soldo e trienios, se é o caso, establecido no artigo 13.Dous desta lei, e dunha mensualidade de complemento de destino ou concepto ou contía equivalente en función do réxime retributivo dos colectivos aos que este artigo resulte aplicable.

Dous. O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, non experimentará ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro do ano 2010, resultantes da aplicación, en termos anuais, da redución de retribucións establecidas pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres. Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro. As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Cinco. As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funcionario da Comunidade Autónoma, liquidaránselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

Artigo 15. Criterios retributivos en materia de persoal laboral

A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican na alínea Seis do artigo 13 desta lei, que non poderá incrementarse no ano 2011, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados polo dito persoal no ano 2010, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, e unha vez aplicada en termos anuais a redución do 5 % establecida pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010. Exceptúanse en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que tiver que realizar o traballador ou traballadora.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste coma ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2011 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2011 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devengar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos con respecto ao ano 2010.

Artigo 16. Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo

Un. As retribucións totais e exclusivas dos altos cargos, incluídas as pagas extraordinarias, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que puider corresponderlles de conformidade coa normativa vixente, serán para o ano 2011 as seguintes:
Presidente da Xunta……..…..…….....71.960,28 €
Conselleiros……..……...62.804,64 €
Secretarios xerais, directores xerais, delegados territoriais e asimilados.....51.111,60 €.

Os secretarios xerais, directores xerais, delegados territoriais e asimilados percibirán un importe adicional de 1.136,96 euros nos meses de xuño e decembro, en aplicación do disposto no punto 2 da disposición adicional décimo segunda da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2003. A cantidade indicada incrementarase de acordo co previsto nos artigos 12.Dous e 15 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008, na contía adicional de 837,27 euros nos meses de xuño e decembro.

Dous. As retribucións totais dos membros do Consello de Contas de Galicia referidas a doce mensualidades serán para o ano 2011 as seguintes:

Conselleiro maior…….....…….....66.835,56 €
Conselleiros…….....…..62.804,64 €
Tres. As retribucións totais dos membros do Consello Consultivo de Galicia referidas a doce mensualidades serán para o ano 2011 as seguintes:
Presidente…….....….……..66.835,56 €
Conselleiros…….....…62.804,64 €

Catro. As retribucións totais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais, xerencias, outras direccións ou asimiladas, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestión do Servizo Galego de Saúde e nos entes e organismos aos que se refiren as alíneas b), c) e), f) e g) da alínea Seis do artigo 13 desta lei, no ano 2011 non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2010.

Cinco. Por proposta da persoa titular da consellaría á que se atopen adscritas, as retribucións iniciais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais das entidades a que se refire a alínea anterior deste artigo serán autorizadas, logo do informe conxunto da Dirección Xeral de Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos, pola persoa titular da Consellería de Facenda.

Artigo 17. Complemento persoal

O persoal funcionario designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento mantiver unha relación de servizo permanente, non contractual, con algunha administración pública non poderá percibir retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos

extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.

Os complementos persoais e transitorios permanecerán coas mesmas contías resultantes do previsto na Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Artigo 18. Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior

As contías das retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2011 non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro do ano 2010, resultantes da aplicación, en termos anuais, da redución de retribucións establecidas pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, axudas de custo e aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro. Así mesmo terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 19. Retribucións do persoal funcionario da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público

Un. De conformidade co establecido no artigo 13 desta lei, as retribucións que percibirá no ano 2011 o persoal funcionario incluído no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, que desempeñe postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo no que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza o persoal funcionario, de acordo coas contías reflectidas no artigo 13.Dous desta lei referidas a doce mensualidades.

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, percibiranse de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989. O importe de cada unha destas pagas será o importe do soldo e

trienios establecido no artigo 13.Dous desta lei e dunha mensualidade de complemento de destino.

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada nos casos nos que así proceda, de acordo coa normativa vixente, sen que isto implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

d) O complemento específico mensual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe non experimentará na súa contía ningún incremento con respecto ao vixente a 31 de decembro do ano 2010.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das que doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

e) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos no artigo 69.3.c) do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría correspondente e logo do informe da Dirección Xeral de Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios que concederá o Consello da Xunta por proposta do departamento correspondente e dentro dos créditos asignados para tal fin.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2011, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios, para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, percibirá a totalidade das retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o que sexan nomeados, excluídos os que estean vinculados á condición de persoal funcionario de carreira.

Tres. O complemento de produtividade poderá atribuírselle, se é o caso, ao persoal funcionario interino ao que se refire a alínea anterior, así como ao persoal laboral temporal e ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que o dito complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Artigo 20. Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.1.a) da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os devanditos conceptos retributivos no artigo 19.Un.a), b) e c) desta lei, sen prexuízo de que a contía anual do complemento de destino se satisfaga en catorce mensualidades.

O importe das retribucións correspondentes ao complemento específico, ao complemento de atención continuada e mais ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e á carreira profesional que, se é o caso, lle correspondan ao referido persoal non experimentará ningún incremento respecto do importe vixente a 31 de decembro do ano 2010.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.Tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, e nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous. As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán ningún incremento, consonte o previsto no artigo 13 desta lei.

Tres. Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal ao que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 24 desta lei.

Capítulo II

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 21. Prohibición de ingresos atípicos

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que lle correspondan á administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a eles, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 22. Relacións de postos de traballo

As relacións de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2011 poderán ser obxecto das modificacións necesarias para axustalas ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal desta lei, así como para axustalas á creación de prazas derivadas de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan una situación laboral de carácter indefinido, cando non se poidan adscribir a un posto de traballo vacante.

Se a persoa declarada laboral indefinida non se puider adscribir a un posto de traballo vacante, procederase a incluílo na relación de postos de traballo da consellaría ou do organismo afectado como posto de persoal funcionario, ou excepcionalmente de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, de tal xeito que, unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

A proposta da modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial. O dito posto incorporarase á oferta de emprego público.

Artigo 23. Outras normas comúns

Un. Cando as retribucións percibidas no ano 2010 non se correspondan coas establecidas con carácter xeral no título II da Lei 9/2009, do 23 de decembro, e non sexan aplicables as establecidas no mesmo título desta lei, non experimentarán no ano 2011 ningún incremento sobre as vixentes a 31 de decembro do ano anterior.

Dous. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2011 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral de Función Pública por proposta das consellarías interesadas.

Só para os efectos da asimilación á que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.

A Dirección Xeral de Función Pública comunicaralle estas autorizacións á Dirección Xeral de Orzamentos para o seu coñecemento.

Tres. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Catro. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

Artigo 24. Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario

Un. Será necesario informe favorable emitido conxuntamente pola Dirección Xeral de Función Pública e pola Dirección Xeral de Orzamentos para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.

c) As axencias públicas autonómicas.

d) As universidades de Galicia.

e) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma.

f) As sociedades públicas autonómicas de carácter mercantil e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado.
g) Os consorcios aos que se refire o artigo 48.1.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Dous. Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2011, deberase solicitar da Consellería de Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas durante o ano 2010.

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberá establecerse que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. En ningún caso se considerarán o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberánselle comunicar á Consellería de Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante o ano 2010.
Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe ao que se refire a alínea Un deste artigo.

Tres. Para os efectos das alíneas anteriores, entenderase por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.

b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados na alínea Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

d) A fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.

e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro. Co fin de emitir o informe sinalado na alínea Un deste artigo, as consellarías, os organismos e os entes remitiranlles á Dirección Xeral de Función Pública e á Dirección Xeral de Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos económicos.

Cinco. O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2011 coma para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2011 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 25. Persoal de alta dirección dos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, consorcios do sector público e sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma

Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades ás que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

Artigo 26. Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos

Un. Os departamentos da Xunta de Galicia, os organismos autónomos e as axencias públicas autonómicas poderán formalizar durante o ano 2011 contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.

d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que puideren derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O gasto xerado por estas contratacións, con excepción das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como o gasto que corresponda ás contratacións de persoal temporal dedicado á extinción de incendios forestais e ás contratacións de persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputaranse ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e na consellaría de que se trate.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos nos que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda computado sempre na súa proxección anual.

Catro. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que excedan o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do texto

refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Seis. Non se poderán realizar contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos sen autorización previa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sete. Os contratos que se iniciasen durante o exercicio de 1999 ou anteriores e que teñan unha data de finalización posterior ao 31 de decembro de 1999 poderán continuar imputándose ao capítulo VI do orzamento de gastos do correspondente departamento ata o seu termo.

Artigo 27. Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirán as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tratará de completar o horario docente do persoal interino, compartindo, de ser necesario, varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 28. Profesores e profesoras de corpos docentes

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 74, punto 5, do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 1, punto 2, do referido texto refundido, os profesores e profesoras dos corpos docentes previstos no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas coma complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 29. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal para o ano 2011

Un. Durante o ano 2011, o número total de prazas de novo ingreso do persoal do sector público ao que se refire a alínea Seis do artigo 13 desta lei será, como máximo, igual ao 10 % da taxa de reposición de efectivos e concentraranse nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Para estes efectos consideraranse efectivos aqueles que veñan desempeñando a súa actividade en servizos que teñen carácter permanente na Comunidade Autónoma. Dentro deste límite, a oferta de emprego incluirá todos os postos e prazas desempeñados por persoal laboral contratado ou persoal interino nomeado ao que se refire a alínea a) do punto 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incursos en procesos de provisión ou se decida a súa amortización. Con este fin, realizaranse as adecuacións nos orzamentos que resulten precisas e sempre de acordo co previsto no artigo 10 desta lei.

Non se tomará en consideración para os efectos da dita limitación a creación de prazas que deriven de sentenzas declaratorias de relacións laborais de carácter indefinido, que quedarán incorporadas á oferta pública de emprego, agás que se decida a súa amortización. Tampouco se considerarán as substitucións das xubilacións incentivadas na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Consellería de Educación, cando afecten a prestación de servizos docentes, nin as prazas de persoal licenciado sanitario e diplomado sanitario con título de especialista dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

En calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos a que se refiren os artigos 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, e 9.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal dos servizos de saúde, e as contratacións de persoal interino por vacante computarán para efectos de cumprir o limite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano no que se produza o nomeamento ou a contratación, e, se non for posible, na seguinte oferta de emprego público, agás que se decida a súa amortización

Dous. O Consello da Xunta poderá autorizar, coa limitación establecida na alínea Un deste artigo, por proposta da Dirección Xeral de Función Pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia e co informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos, a convocatoria das prazas vacantes.

Tres. As convocatorias de prazas vacantes das entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado e das sociedades de carácter mercantil dependentes do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Función Pública e pola Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 30. Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas

Un. Durante o ano 2011 non se procederá á contratación de novo persoal laboral temporal nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal, nin ao nomeamento de persoal funcionario interino nos supostos previstos no artigo 9.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal dos servizos de saúde, e nas letras a) e b) da alínea Un do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, no ámbito a que se refiren as letras b) e c) da alínea Seis do artigo 13 desta lei, xa se trate de postos reservados nas relacións de postos de traballo a persoal laboral, estatutario ou a persoal funcionario.

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables:

a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

d) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.

e) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

f) Persoal adscrito ao sistema integrado de emerxencias e protección civil.

As ditas contratacións adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo e terán como límite máximo as previsións orzamentarias establecidas para o efecto.

Excepcionalmente, poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2011 nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos. Para estes efectos o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.

Dous. Durante o ano 2011 poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Orzamentos e de acordo cos límites que se establecen na letra a) da alínea Tres do artigo 9 desta lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, "Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal", e 120.24, "Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente".

Tres. Así mesmo, poderán acordarse as substitucións transitorias do persoal laboral, do persoal docente, do persoal que preste servizos en centros de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, do persoal non docente de centros de educación, do persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de sanidade e produción animal dependentes da Consellería do Medio Rural, do persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da Administración da Comunidade Autónoma e do persoal que se atope en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento, sempre dentro das limitacións orzamentarias previstas, e que cando unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da dita situación resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

Catro. Poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, logo do informe conxunto da Dirección Xeral de Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos, cos seguintes requisitos:

a) O financiamento debe proceder de fondos da Unión Europea.

b) A duración do nomeamento non poderá exceder a execución do programa e, en todo caso, non superará o prazo de dous anos.

c) O persoal funcionario interino non ocupará prazas da relación de postos de traballo e a súa selección e nomeamento axustarase ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Artigo 31. Contratación de persoal temporal no sector público

Un. Durante o ano 2011 non se procederá á contratación de novo persoal laboral temporal nin de persoal estatutario temporal, para a cobertura de postos vacantes, no ámbito a que se refiren as letras e) e f) da alínea Seis do artigo 13 desta lei. Excepcionalmente, poderán realizarse contratacións de persoal temporal para a cobertura de postos vacantes cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2011 nos cadros de persoal, logo da

autorización conxunta da Dirección Xeral de Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos, que se poderá conceder excepcionalmente tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento da entidade.

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables:

a) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.

b) Persoal que preste servizo no ámbito das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.
Dous. No ámbito a que se refiren as letras e) e f) da alínea Seis do artigo 13 desta lei, será preciso informe favorable emitido conxuntamente pola Dirección Xeral de Función Pública e pola Dirección Xeral de Orzamentos para a realización de:

— Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado.

— Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas cando a súa duración sexa superior a quince días ou cando non exista unha partida prevista no orzamento inicial da entidade para esta finalidade.

Para estes efectos deberá remitirse unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluirase unha memoria económica na que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Con periodicidade mensual deberá remitirse á Dirección Xeral de Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período, calquera que fose a súa duración.

Artigo 32. Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión

Durante o ano 2011 as encomendas de xestión que realice a Administración da Xunta de Galicia ás entidades a que se refiren as letras e) e f) da alínea Seis do artigo 13 desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das ditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.

Título III

Operacións de endebedamento e garantía

Capítulo I

Operacións de crédito

Artigo 33. Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano

Un. A posición neta debedora da Comunidade Autónoma incrementarase durante o ano 2011 nunha contía máxima de 735.248.873 euros.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, sociedades mercantís e entidades de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma conforme as normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, entes e sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Así mesmo, a Administración xeral poderá subrogarse na posición debedora das operacións que estean formalizadas por sociedades que pertenzan, directa ou indirectamente, no 100 % á Xunta de Galicia, na medida en que se decida á súa disolución. Igualmente, poderá subrogarse nos préstamos formalizados por sociedades que pertenzan, directa ou indirectamente, no 100 % á Xunta de Galicia, destinados a adquirir activos das ditas sociedades disoltas.

Dous. A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, podendo ser excedida no curso deste, e quedará automaticamente revisada:

a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.

b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.c) do artigo 2 do Real decreto lexislativo 2/2007, do

28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

c) Na contía necesaria para a adquisición de activos financeiros por parte do Instituto Galego de Promoción Económica, por un importe máximo de 175.000.000 de euros. Ese posible maior endebedamento debe estar destinado á adquisición de activos financeiros de suxeitos non comprendidos no mencionado punto 1.c) do artigo 2 do Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

d) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en termos do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de estalo ou viceversa.

e) Na contía máxima do endebedamento autorizado nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia dos catro últimos exercicios que non fose utilizado, sempre que estea dentro dos límites establecidos nos programas de endebedamento acordados co Ministerio de Economía e Facenda.

f) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.
g) Polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres. No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda para formalizar as operacións de endebedamento ás que se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente se faculta para converter ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Artigo 34. Débeda da tesouraría

Un. A Comunidade Autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15 % da consignación que figura no orzamento da

Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e o concepto 400, agás o subconcepto 05.

Dous. Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública, en calquera das súas modalidades.

Artigo 35. Outras operacións financeiras

A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos departamentos da Administración xeral e de calquera das entidades ás que fai referencia o artigo 48.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando o seu importe acumulado exceda os 200.0000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.

Artigo 36. Endebedamento dos organismos autónomos, das sociedades públicas e das demais entidades que están clasificadas como administración pública

Un. As entidades ás que fai referencia o artigo 48.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, con prazo de reembolso non superior a un ano, cun límite máximo do 10 % da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación dese límite deberá ser autorizada pola Consellería de Facenda.

Independentemente do anterior, o saldo vivo o 31 de decembro de 2011 non poderá superar por estas operacións o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda.

Dous. Para concertar, renovar ou modificar as condicións de financiamento de calquera tipo de operacións de endebedamento a longo prazo ou de cobertura sobre elas, as entidades ás que fai referencia o artigo 48.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán conseguir a autorización da Consellería de Facenda.

Tres. O endebedamento autorizado ao Instituto Galego de Promoción Económica na alínea Dous do artigo 33 terá por obxecto o financiamento de actividades que lle son propias e, consecuentemente, outorgará préstamos, directamente ou a través de entidades financeiras,

a pequenas e medianas empresas. O importe autorizado poderá ser disposto nunha ou en sucesivas operacións, sen que en ningún caso o importe acumulado disposto sexa superior ao importe global dos préstamos outorgados e dispostos ás pequenas e medianas empresas.

Catro. Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo a concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda, sen que se poida establecer ningún tipo de cláusula da que derive responsabilidade do referido instituto logo de realizada a subrogación.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2011 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros. Non obstante, o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda.

Cinco. O réxime de autorización establecido nos puntos anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira, que asesorará as mencionadas entidades nas distintas operacións financeiras co obxecto de elixir o instrumento máis apropiado, obter as mellores condicións dos mercados financeiros e conseguir unha mellor administración do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Co mesmo fin, as mencionadas entidades dependentes da Comunidade Autónoma deberán remitirlle á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:

a) Detalle da situación de endebedamento, desagregando cada operación financeira.

b) Detalle das operacións financeiras activas.

Capítulo II

Afianzamento por aval

Artigo 37. Avais

Un. Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2011 será de 30.000.000 de euros.

Dous. Consonte o disposto no artigo 45 do mesmo texto legal, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2011, avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na letra k) do artigo 8 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes na fin do trimestre inmediato anterior.

Tres. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda, poderá acordar, logo da petición fundada dos interesados á consellaría correspondente, e por instancia desta, o inexercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, lle corresponden á Comunidade Autónoma como consecuencia da prestación por aquel de avais ou contraavais, cando, de se faceren efectivas aquelas, afectar grave ou substancialmente o mantemento da capacidade produtiva ou do nivel de emprego ou de renda de calquera dos sectores ou subsectores básicos da economía galega.

Título IV

Xestión orzamentaria

Capítulo único

Dos procedementos de xestión orzamentaria

Artigo 38. Intervención limitada

A contía á que se refire o artigo 97.1.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración na lexislación reguladora da contratación do sector público.

Artigo 39. Modificacións de contratos de transporte escolar

Os contratos administrativos de transporte escolar poderán modificarse por razóns de interese público e para atender causas imprevistas debidamente xustificadas, de conformidade co previsto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
As modificacións consistentes na variación dos percorridos, así como na reestruturación dos itinerarios, motivadas por razóns técnicas, dado o carácter esencial e impostergable dos servizos de transporte escolar, poñeranse en práctica de xeito inmediato, unha vez comprobados o cumprimento das condicións referidas ao comezo, así como a existencia de crédito orzamentario necesario para levalas a adiante.

As ditas modificacións estarán excepcionadas de informe previo da Asesoría Xurídica cando a súa contía non supere o 20 % do prezo do contrato/día que se vai modificar e o importe anual que represente a modificación non supere os 18.000 euros, IVE excluído.

Con independencia do establecido no artigo 97.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non estarán sometidas a intervención previa as ditas modificacións cando non excedan os límites sinalados no parágrafo anterior.

Malia o anterior, a Intervención Delegada da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comprobará, antes da fiscalización do primeiro pagamento, o cumprimento de todos os requisitos esixidos para autorizar e comprometer o gasto.

Artigo 40. Fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma

A intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma realizarase no momento procesual inmediatamente anterior ao compromiso que se adquire co asinamento do contrato, e comprobarase o cumprimento de todos os requisitos esixidos para aprobar e comprometer o gasto.

Artigo 41. Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitucións de persoal

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e suficiente.

Artigo 42. Identificación dos proxectos de investimento

As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 43. Autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gastos

Un. Requirirá autorización por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión cando o valor estimado ou o importe do gasto, respectivamente, sexa superior a 4.000.000 de euros.

Dous. A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta requirirá autorización do mesmo órgano. Non obstante, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte incremento do importe total ou no número de exercicios orzamentarios, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites aos que fai referencia o artigo 58.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres. Logo de obterse a autorización, a aprobación do gasto corresponderalle ao órgano de contratación do departamento, organismo autónomo, axencia pública autonómica, sociedade ou fundación pública que xestione o crédito.

Artigo 44. Revisións de prezos contidos en concertos ou convenios

Con carácter xeral, as revisións de prezos que se establezan nos concertos ou convenios que subscriban durante o ano 2011 a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado e as axencias públicas, fundacións e consorcios non poderán referenciarse por riba da evolución do índice de prezos ao consumo de Galicia. Igualmente, as revisións de prezos e tarifas que afecten a concertos ou convenios xa subscritos non poderán experimentar un incremento superior ao do IPC galego do anterior exercicio.

Excepcionalmente, por causas plenamente xustificadas ou por alteracións das condicións dos concertos ou convenios, a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta do departamento correspondente, poderá autorizar a inclusión de cláusulas de revisión por contía diferente á indicada no parágrafo anterior.

Artigo 45. Transferencias de financiamento

Un. As achegas de natureza corrente deberán librarse con carácter mensual por doceavas partes, agás que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. Este convenio deberá someterse a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

Os convenios que, de ser o caso, estiveren vixentes á entrada en vigor desta lei deberán ser revisados nos tres primeiros meses do exercicio para os efectos de axustarse ao disposto neste artigo.

Dous. As achegas de capital libraranse atendendo o ritmo de execución do gasto de capital da entidade.

Tres. Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Catro. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e nas normas que a desenvolven.

Artigo 46. Subvencións nominativas

Un. Non poderán incrementarse os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Dous. Os convenios ou resolucións nos que se estableza a concesión de subvencións nominativas regularán así mesmo o réxime de xustificación, pagamentos e anticipos que, se é o caso, se poidan librar. Estes convenios ou resolucións só necesitarán a autorización previa do Consello da Xunta cando de xeito excepcional, logo da xustificación da súa ineludible necesidade, prevexan un pagamento a conta ou ben un anticipo superior aos permitidos nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 47. Concesión directa de axudas e subvencións

A resolución de concesión de subvencións correntes que con carácter excepcional se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta cando a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente os 60.100 euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante convenio ou instrumento bilateral, ás que lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da dita Lei 9/2007. Os importes elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.

Artigo 48. Xustificación de axudas e subvencións

Sen prexuízo do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados por recursos procedentes da Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e a do pagamento cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa contida nos regulamentos aplicables aos fondos.

Artigo 49. Obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas e subvencións

Un. Quedan exentos/as de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro os/as beneficiarios/as das subvencións seguintes:

a) As outorgadas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus organismos autónomos, entes públicos, sociedades públicas, fundacións e demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia que deban exercer a súa actividade con suxeición ás normas de dereito público.

b) As outorgadas a favor dos órganos estatutarios de Galicia.

c) As libradas a favor da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas dela dependentes, así como dos órganos constitucionais.

d) As libradas a favor doutras comunidades autónomas, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas delas dependentes.

e) As outorgadas a favor das universidades.

f) As outorgadas a favor das corporacións locais e dos seus organismos autónomos.

g) As bolsas e axudas destinadas expresamente a financiar estudos en centros de formación públicos e privados, cando as perciban directamente as persoas individuais beneficiarias.

h) As subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, “Transferencias correntes”, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

i) As que non superen os 3.000 euros individualmente e se concedan con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo VII, “Transferencias de capital”, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

j) Aquelas axudas ou subvencións nas que, por concorreren circunstancias debidamente xustificadas, derivadas da natureza, do réxime ou da contía da subvención, así se estableza mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

k) As subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos, así como a federacións, confederacións ou agrupacións delas.

l) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario/a e axuda o importe de 1.500 euros.

m) As concedidas aos/ás beneficiarios/as para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.

n) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.

ñ) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

Dous. Quedan exceptuados da obriga de presentación de garantías que establece o artigo 67 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño, os centros tecnolóxicos que sexan recoñecidos como tales pola consellaría competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

Artigo 50. Pagamento de axudas e subvencións

O pagamento, mediante aboamentos mensuais, das bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas, destinadas expresamente a financiar estudos e investigación en centros públicos ou privados, poderá efectuarse de forma anticipada, con suxeición ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 51. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública

Un. Para a autorización de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, así como dos contratos de concesión de obra pública, tipificados na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, requirirase que, con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación dos pregos que rexen estes tipos de contratos, a Consellería de Facenda emita informe preceptivo e vinculante comprensivo dos seguintes extremos:

— Análise do custo financeiro da operación no seu conxunto, distinguindo o custo da obra que se vai realizar dos servizos adicionais ou accesorios incluídos na contratación, co obxecto de verificar a súa idoneidade e para garantir que o financiamento utilizado é o máis apropiado de acordo coas condicións existentes nos mercados.

— Análise da repercusión dos compromisos asumidos por este tipo de operación sobre os orzamentos futuros e a súa incidencia sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Este informe conterá detalle dos compromisos de pagamento futuro da Comunidade Autónoma de Galicia derivados da colaboración público-privada asumidos con anterioridade.

— Análise do seu tratamento en termos de contabilidade nacional.

— Análise da coherencia da actuación que se vai realizar coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia e a súa incidencia na economía galega e no equilibrio territorial.

— Análise dos mecanismos de captación de financiamento e as garantías que se prevé utilizar durante a vixencia do contrato.

Dous. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluirase un anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privados formalizados, cunha clara referencia á contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagamentos anuais previstos ao longo da súa duración.

Artigo 52. Préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Un. Será preceptivo e vinculante o informe da Consellería de Facenda para a concesión de préstamos con cargo aos créditos do capítulo VIII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos préstamos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e, atendendo as ditas consideracións, determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

No suposto de préstamos que se vaian conceder a través de procedementos de concorrencia competitiva, o citado informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.
Dous. Os beneficiarios dos préstamos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento destas condicións con anterioridade ao pagamento, esixindo, cando non poida acreditarse doutro xeito, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha administración pública.

Tres. Mediante orde da Consellería de Facenda poderán ditarse as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

Artigo 53. Expedientes de dotación artística

Á entrada en vigor desta lei, o 80 % dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI non financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial nin con fondos finalistas ou procedentes da Unión Europea nin con fondos propios que cofinancien, será obxecto de ampliación de crédito na Consellería de Cultura e Turismo, a conta das retencións de crédito previstas, para a finalidade determinada na Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ampliación de crédito indicada terá carácter de “a conta” sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa devandita Lei 12/1991 lles corresponde aos traballos de dotación artística, e non lle serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na alínea Sete do artigo 9 desta lei.

Artigo 54. Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados

Un. De acordo co establecido nas alíneas segunda e terceira do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2011, é o fixado no anexo 2 desta lei.

Dous. As retribucións de persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2011, sen prexuízo da data na que se asinen as táboas salariais para o ano 2011 do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, e a Administración autonómica pode aceptar pagamentos a conta, logo da

solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e da consulta coas sindicais, ata o momento no que se produza o asinamento das correspondentes táboas, considerándose que estes pagamentos a conta terán efecto a partir do 1 de xaneiro de 2011.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola administración, mediante pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os "Gastos variables" efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

Os compoñentes do módulo destinado a "Outros gastos" e "Persoal complementario" terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2011.

As contías correspondentes ao módulo de "Outros gastos" aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contías correspondentes ao módulo de "Persoal complementario" tamén se aboarán mensualmente, e os centros deberán xustificar estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de "Outros gastos".

Tres. Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do/a profesional axeitado a estas funcións, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos do/a orientador/a, que se incluirán na nómina de pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, gastos variables e complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo curso ou do terceiro e cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Catro. Facúltase o Consello da Xunta para fixar as relacións profesor/unidade concertadas adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor con vinte e cinco horas semanais.

A administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo 2 desta lei, agás os derivados dos acordos sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista na Resolución do 28 de decembro de 2006, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Cinco. A relación profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen na nómina de pagamento delegado.

Título V

Corporacións locais

Capítulo único

Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 55. Créditos asignados ás corporacións locais

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscrición de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 356.540.559 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 3.

Artigo 56. Participación das corporacións locais nos tributos do Estado

Co obxecto de adecuar os estados orzamentarios á natureza da estrita función de intermediación que desenvolve a Comunidade Autónoma na xestión da participación dos concellos e deputacións provinciais nos tributos do Estado, non se consignará crédito para tal finalidade e a mencionada participación xestionarase conforme o sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 57. Dotación do Fondo de Cooperación Local

Un. O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a 112.972.805 euros.

Dous. A Comunidade Autónoma poderá reter das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación, o importe das débedas firmes, líquidas e esixibles, contraídas polos concellos coa Comunidade Autónoma, cos seus organismos autónomos, coas axencias

públicas e coas entidades de dereito público da Comunidade Autónoma que non teñan que adecuar por lei a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Así mesmo, esta retención e compensación practicarase respecto das cantidades correspondentes a achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e coas súas entidades de dereito público, teñan expresamente atribuído o seu carácter de firmeza, liquidez e esixibilidade.

Tamén os concellos, mancomunidades e consorcios que xestionen servizos en común poderán solicitar á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de facenda, a retención, compensación e ingreso na súa tesouraría das cantidades do Fondo de Cooperación Local dos concellos debedores que correspondan coa súa obriga de participar no financiamento e sostemento do custo de xestión e mantemento do servizo en común. A solicitude será asinada polo alcalde ou polo presidente da entidade local, achegando certificación do responsable da recadación, na que se faga constar o importe da débeda pendente de pagamento polo concello e indicación expresa da data na que venceu o período pactado para o pagamento.

Artigo 58. Transferencias derivadas de convenios ou subvencións

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 242.216.497 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 3.

Título VI

Normas tributarias

Capítulo único

Tributos propios

Artigo 59. Taxas

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente:
1) Modifícase o punto 5 do artigo 23, que queda redactado como segue:

“5. A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, logo de xustificación documental, solicitada por:

— Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
— Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.
Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:
— Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
— Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes á data da convocatoria de probas selectivas de persoal nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.”

2) Modifícase o derradeiro parágrafo do punto 5 do artigo 27, que queda redactado como segue:

“Da tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o titular da actividade, calquera que sexa a natureza do seu título habilitante. Nas autorizacións de exercicio das actividades suxeitas a esta taxa nas que se permita á persoa autorizada a cesión a terceiros/as do desenvolvemento dalgunhas das actividades autorizadas, os ditos terceiros/as estarán obrigados ao aboamento a Portos de Galicia da taxa correspondente á actividade de que se trate.

Así mesmo, no caso de concesións ou autorizacións de ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario nas que se permita á persoa titular a cesión a terceiros/as do uso de superficies ou instalacións incluídas na concesión ou autorización para o exercicio de actividades suxeitas a esta taxa, os ditos terceiros/as estarán obrigados ao aboamento a Portos de Galicia da taxa correspondente á actividade de que se trate.”

3) Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

“Artigo 39. Suxeito pasivo.

1. É suxeito pasivo a persoa física ou xurídica que realice o feito impoñible desta taxa.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Presumirase, agás proba en contrario, que o feito impoñible é realizado pola persoa ou entidade que figure como titular do correspondente título habilitante da utilización privativa, da ocupación ou do aproveitamento especial do dominio público.

4. Se o suxeito pasivo non coincide co titular do título habilitante, este terá carácter de responsable solidario.”

4) Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

“Artigo 40. Bonificacións e exencións.

1. Estarán exentos das tarifas 01 e 03, contidas no anexo 5, os suxeitos pasivos que teñan a condición de institucións e corporacións públicas ou sen ánimo de lucro cando a actividade que desempeñen no inmoble non leve aparellada unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou aproveitamento entrañe condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Para o recoñecemento desta exención bastará con que se faga unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo anterior e se achegue a xustificación adecuada xunto coa solicitude do permiso de ocupación temporal, da concesión ou de calquera outra autorización ou título habilitante previsto na normativa de patrimonio. A exención entenderase concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento, durante todo o tempo que dure a utilización privativa, o aproveitamento especial ou a ocupación do dominio público, dos requisitos esixibles.

2. Á tarifa 02 contida no anexo 5 seranlle aplicables as bonificacións e exencións que se relacionan a seguir:

a) Cando os suxeitos pasivos realicen investimentos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos, a contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo o tipo de obra e o seu custo, e non poderá exceder o 50 % da contía correspondente á ocupación das augas do porto ou, de ser o caso, dos terreos.

b) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas, a contía da bonificación determinarase en función do investimento privado realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo o tipo de obra e o seu custo, e non poderá exceder o 40 % da contía correspondente á ocupación de terreos. Esta bonificación non se poderá aplicar durante un período superior ao establecido para a finalización de cada fase de urbanización no título concesional.

c) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a ocupación de obras de abrigo e defensa portuarias, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para o destino mencionado terá unha bonificación que non poderá exceder o 50 %. A contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, atendendo o tipo de obra e de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente.

d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa algún órgano das administracións públicas e o obxecto destas sexan actividades de interese social e cultural, o importe desta bonificación será do 50 % da contía correspondente á ocupación de terreos.

e) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de fábricas de xeo ou lonxas coas súas correspondentes cámaras de frío, así como a explotación de naves de titularidade da administración destinadas total ou parcialmente a almacenaxe de caixas, vestiarios ou cámaras de frío, para o sector pesqueiro ou marisqueiro, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 90 %.

f) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de naves de redes, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 95 %.

g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais, a contía da taxa terá unha bonificación do 90 % no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

h) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou explotación de naves destinadas a aloxar medios mecánicos, vehículos non particulares asignados a confrarías e/ou asociacións do sector pesqueiro e marisqueiro, así como as instalacións dedicadas a aulas de formación náutico-pesqueira e a fins sociais daquelas, o importe da bonificación será do 90 %.

i) Cando a ocupación do dominio público portuario teña por destino a explotación de superficies destinadas á varada para embarcacións profesionais do sector pesqueiro e/ou marisqueiro, o importe da bonificación será do 50 %.

j) Estarán exentos do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio portuario:

— Os órganos e as entidades das administracións públicas cando estean directamente relacionados con actividades de vixilancia, de represión do contrabando, de protección civil, de salvamento e de loita contra a contaminación mariña ou coa defensa nacional.

— As corporacións locais cando se trate de actividades encadradas entre as súas finalidades públicas e estas non sexan obxecto de explotación económica.

k) A Cruz Vermella Española está exenta do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario respecto das actividades marítimas propias que esta institución ten encomendadas.

Por orde da consellaría competente en materia de portos e por proposta do ente público Portos de Galicia, concretaranse as condicións, as escalas e os criterios necesarios para a aplicación das bonificacións previstas nos anteriores supostos, partindo dos elementos esenciais contidos nestes."

5) Modifícase a subalínea 01 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

"01 Autorización de explotación e autorización de instalación e localización (por cada máquina incluída nela):

— Máquinas tipo "A especial": 58,28 €
— Máquinas tipo "B": 95,46 €
— Máquinas tipo "C": 190,79 €"

6) Modifícase a subalínea 08 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:
"08 Primeira inscrición, se é o caso logo da homologación, de modelos de máquinas de xogo.

No caso das máquinas tipo "B", a contía multiplicarase por cada xogo que insira a máquina:

— Inscrición de máquinas tipo "A": 36,80 €
— Homologación e inscrición de máquinas tipo "A especial": 150,00 €
— Homologación e inscrición de máquinas tipo "B": 300,00 €
— Homologación e inscrición de máquinas tipo "C": 500,00 €"

7) Modifícase a subalínea 15 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

"15 Outras inscricións no Rexistro de Modelos de máquinas: modificacións substanciais da inscrición, cancelación da inscrición ou autorización da cesión da inscrición.

No caso das máquinas tipo "B", a contía multiplicarase polo número de xogos que se modifiquen:

— Máquinas tipo "A": 27,08 €
— Máquinas tipo "A especial": 93,25 €
— Máquinas tipo "B": 184,01 €
— Máquinas tipo "C": 220,79 €"

8) Modifícase a subalínea 16 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

“16 Inscrición no Rexistro de Modelos de modificacións non substanciais da inscrición segundo o tipo de máquina:

— Máquinas tipo “A”: 15,34 €
— Máquinas tipo “A especial”: 93,25 €
— Máquinas tipo “B”: 184,01 €
— Máquinas tipo “C”: 220,79 €”

9) Modifícase a subalínea 02 da alínea 20 do anexo 1, que queda redactada como segue:
“02 Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros non universitarios.
Solicitude de homologación ao título superior de música, danza ou arte dramática:
90,09 €

Solicitude de homologación ao título español de bacharel, técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou título profesional de música ou danza: 45,05 €

Solicitude de homologación ao título español de formación profesional, técnico de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo: 45,05 €

Solicitude de homologación ao título español de conservación e restauración de bens culturais: 45,05 €

Solicitude de homologación ao título español superior de deseño, superior de vidro ou superior de cerámica: 45,05 €

Solicitude de validación por cursos ou módulos de ensinanzas españolas de nivel non universitario: 22,52 €”

10) Modifícase, na subalínea 03 da alínea 20 do anexo 1, a denominación dos títulos de “conservación e restauración de bens culturais” e “deseño” contidos na primeira columna da táboa, que quedan denominados como “superior de conservación e restauración de bens culturais” e “superior de deseño”, respectivamente.

11) Modifícase a alínea 42 do anexo 1, que queda redactada como segue:

“42 Actuacións en materia de competencia profesional.

01 Asesoramento do/a candidato/a para participación no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: 20,00 €

02 Avaliación da unidade de competencia (por cada unidade de competencia para a que se solicite a avaliación): 10,00 €”

12) Engádeselle a alínea 48 ao anexo 1, coa seguinte redacción:

“48 Actuacións de habilitación de persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

01 Participación nas probas para obter a certificación acreditativa da habilitación: 49,90 €
02 Expedición e renovación da habilitación: 5,86 €”

13) Modifícase a subalínea 01 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“01 Autorización, transmisión, rehabilitación, troco e exención de autorización, ou prórroga de autorización: 26,66 €”

14) Modifícase a subalínea 02 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:
“02 Visado de cada unha das copias certificadas da autorización, expedicións de copias ou duplicados e modificación: 15,00 €”

15) Modifícase a subalínea 14 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“14 Autorización de centros de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:

— Autorización inicial: 306,00 €
— Visado: 153,00 €
— Modificación: 51,00 €”

16) Modifícase a subalínea 16 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“16 Comunicación do desenvolvemento de cursos de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:

— Cualificación inicial ordinaria: 102,00 €
— Cualificación inicial acelerada: 71,40 €
— Formación continua: 51,00 €
— Modificación da comunicación: 20,00 €”

17) Modifícase a subalínea 18 da alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“18 Expedición de tarxeta de cualificación do condutor ou renovación desta: 21,40 €”

18) Modifícase a subalínea 02 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“02 Prestación de servizos facultativos relacionados coas análises de laboratorio, en materia de sanidade e produción animal:

— Análise fisicoquímica ou bromatolóxica, incluídas as determinacións de axentes bacteriolóxicos específicos, en todo tipo de mostras como poden ser auga, alimento animal e subprodutos animais (por determinación): 5,00 €
— Reconto de células somáticas en leite (por mostra): 0,25 €
— Illamento e identificación bacteriolóxica (por mostra): 5,00 €
— Antibiograma (por mostra): 5,00 €
— Illamento e identificación virolóxica (por mostra): 5,00 €
— Análise parasitolóxica (por mostra): 3,00 €
— Tinguidura de Ziehl-Neelsen, Giemsa ou similar (por mostra) (non se aplicará esta taxa se a tinguidura forma parte dunha análise máis complexa): 3,00 €
— Necropsia de animal grande: vacún, equino ou similar: 18,00 €
— Necropsia de animal mediano: porcino, ovino ou similar: 14,00 €
— Necropsia de animal pequeno: aves, coellos ou similar: 5,00 €
— Análise histopatolóxica (por animal): 5,00 €
— Por cada determinación inmunolóxica de anticorpos, antíxenos ou similar, en relación coa sanidade animal: 3,00 €

No caso de diagnóstico inmunolóxico solicitado por agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), sempre e cando respecten a normativa de aplicación, cumpran os seus programas sanitarios e non excedan os máximos establecidos de remisión de mostras, aplicarase a anterior taxa de xeito reducido, segundo se sinala a seguir:

— ADSG de gando porcino: aplicarase unha taxa por cada 30 determinacións ou fracción.
— ADSG distintas de porcino: aplicarase unha taxa por cada 15 determinacións ou fracción.

— Análise por PCR (por determinación) : 7,00 €”

19) Modifícase a subalínea 04 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:
“04 Expedición de certificados zoosanitarios e zootécnicos, incluídos os relacionados cos movementos de animais vivos e produtos de orixe animal, agás que as tramitacións de autorizacións de traslado de animais se realicen de xeito telemático a través da oficina agraria virtual da consellaría competente en materia de gandaría (mínimo 2,879096 € por certificación):

— Équidos, bóvidos adultos e similares (por animal) : 2,40 €
Máximo: 47,77 €

— Ovino, caprino, porcino, tenreiros, colmeas e similares (por animal ou colmea): 0,443035 €
Máximo: 13,28 €

— Leitóns, cordeiros, cabritos e animais de peletaría (por animal): 0,257245 €
Máximo: 13,28 €

— Coellos e similares, galiñas e outras aves (por animal), esperma, óvulos e embrións (por unidade): 0,008862 €
Máximo: 13,28 €

— Peixes vivos, gametos e moluscos para reaparcamento ou depuración, por tonelada ou fracción: 1,85 €
Máximo: 22,12 €

— Produtos de orixe animal, incluídos os destinados á alimentación animal (por tonelada): 2,24 €
Máximo: 26,51 €

— Certificado de transporte: 2,85 €

— Comprobación de carga:

* Équidos, bóvidos e similares: 124,81 €
* Porcino, ovino, caprino e similares: 83,21 €
* Aves, coellos, visóns, colmeas e similares: 41,60 €
— Esperma, óvulos e embrións (por unidade) : 0,014721 €
Máximo: 35,73 €”

20) Modifícase a subalínea 16 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“16 Autorización de veterinario para a expedición de autorizacións de traslado de animais:
— Por autorización: 117,05 €
— Por renovación: 90,00 €”

21) Modifícase a subalínea 20 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:
“20 Subministración de marcas electrónicas e documentos de identificación de gando equino:

— Por cada acto administrativo de subministración: 0,750300 €
— Por unidade de identificación subministrada: 0,393015 €”

22) Modifícase a subalínea 23 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:
“23 Actuacións no marco do Plan nacional de investigación de residuos nos animais vivos e nos seus produtos (PNIR) efectuadas polos servizos veterinarios da consellaría competente en materia de gandaría:

— Por saída ao campo: 73,61 €
— Identificación de todos os animais da explotación, de non estaren identificados (a maiores da saída ao campo):

— Por cada animal: 1,44 €
Máximo: 128,45 €

— Investigación das causas da presenza de residuos na explotación de orixe ou procedencia (a maiores da saída ao campo): 36,80 €

— Investigación da fonte ou fontes dos produtos de que se trate (a maiores da saída ao campo): 73,61 €

— Control dos establecementos abastecedores da explotación positiva e dos establecementos ou explotacións relacionadas cos primeiros (a maiores da saída ao campo): 110,39 €

— Toma de mostras e actuacións complementarias (a maiores da saída ao campo): 73,61 €

— Emisión de documentación específica para a autorización do traslado de animais positivos a un matadoiro de destrución (a maiores da saída ao campo):

— Por cada animal: 2,40 €
Máximo: 47,77 €

Sacrificio in situ de animais positivos por petición de parte (a maiores da saída ao campo) por animal: 3,69 €”

23) Modifícase a subalínea 24 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“24 Autorizacións e revisións de empresas de penso para a elaboración e/ou comercialización de pensos medicamentosos consonte o Real decreto 1049/2009, do 4 de setembro (no caso dos distribuidores non será acumulativa coa taxa 31.07.03 cando o distribuidor solicite conxuntamente autorización como distribuidor de medicamentos veterinarios e pensos medicamentosos):

— Autorización inicial, ampliación e cambio de localización:
* Fabricación de pensos medicamentosos: 200,09 €
* Distribución de pensos medicamentosos: 128,61 €
— Revisión:
* Fabricación de pensos medicamentosos: 107,17 €
* Distribución de pensos medicamentosos: 64,32 €”

24) Modifícase a subalínea 25 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“25 Autorizacións e/ou rexistros en materia de hixiene dos pensos consonte o Regulamento (CE) 183/2005, do 12 de xaneiro, de fabricantes e establecementos intermediarios:

Autorización inicial, ampliación ou cambio de localización:
— Fabricación de pensos, aditivos ou premesturas: 250,10 €
— Intermediarios de aditivos ou premesturas: 128,61 €

Rexistro inicial, ampliación ou cambio de localización:

— Fabricación de pensos, aditivos, materias primas ou premesturas: 214,37 €
— Intermediarios de pensos, aditivos, materias primas ou premesturas: 128,61 €

Revisión:

— Fabricación de pensos, aditivos, materias primas ou premesturas: 107,17 €
— Intermediarios de pensos, aditivos, materias primas ou premesturas: 64,32 €”
25) Engádeselle a subalínea 32 á alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“32 Vacinación de ruminantes fronte á lingua azul por petición de parte:

— Por explotación: 10,00 €
— Por animal: 2,50 €”

26) Modifícase o punto 1.1 da alínea 1 da letra C da alínea 08 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“1.1 Deducións por sistemas de autocontrol avaliados: esta dedución aplicarase cando o establecemento dispoña dun sistema de autocontrol baseado nos seguintes criterios:

a) Procedementos documentados e rexistros que permitan comprobar e garantan a trazabilidade dos animais, as súas canais e demais produtos manipulados no establecemento, información da cadea alimentaria do gando que se sacrifica nas súas instalacións, trazabilidade interna e no control de emisións ao mercado.

b) Os resultados dos controis analíticos microbiolóxicos para cada trimestre deberán ser acordes co establecido polo Regulamento (CE) 2073/2005 da Comisión, do 15 de novembro de 2005.

No caso de que se cumpran os criterios a) e b), establécese como importe da dedución a aplicación da porcentaxe do 45 % da cota mencionada.

No caso de que unicamente cumpran o criterio b), aplicaríase unha dedución do 35 % da cota mencionada.

Os titulares da explotación dos establecementos poderán deducir os importes sinalados por sistemas de autocontrol implantados e avaliados, logo do informe preceptivo e vinculante asinado polo persoal que a autoridade sanitaria designe como avaliador do sistema de autocontrol do establecemento. Este requisito pode ser substituído pola certificación do establecemento baixo o ámbito da Norma UNE-EN-ISO 22000, de sistemas de xestión da inocuidade dos alimentos (requisitos para calquera organización na cadea alimentaria).”

27) Modifícase a subalínea 02 da alínea 14 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“02 Autorización de funcionamento ou traslado para centros e establecementos que precisan autorización de instalación: 95,46 €”

28) Modifícase a alínea 24 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“24 Emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, emisoras de televisión dixital e emisoras de radiodifusión dixital.

01 Outorgamento, prórroga, renovación ou transmisión de licenzas para prestación de servizos de comunicación audiovisual.

01. RADIODIFUSIÓN SONORA

Tarifa sobre a que se aplicarán simultaneamente os coeficientes seguintes: 1.805,31 €
* Coeficiente relativo á potencia radiada aparente (PRA):
PRA de 8.000 W ou máis: coeficiente 2
PRA de 4.000 W a 7.999 W: coeficiente 1,75
PRA de 2.000 W a 3.999 W: coeficiente 1,50
PRA de 500 W a 1.999 W: coeficiente 1
Ata 499 W: coeficiente: 0,5
* Coeficiente relativo ao número de habitantes da zona de cobertura:
De 200.000 habitantes ou máis: coeficiente 1,50
De 100.000 habitantes a 199.999 habitantes: coeficiente 1,30
De 50.000 habitantes a 99.999 habitantes: coeficiente 1,15
De 20.000 habitantes a 49.999 habitantes: coeficiente 1
De 10.000 habitantes a 19.999 habitantes: coeficiente 0,80
De menos de 10.000 habitantes: coeficiente: 0,50

02. TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE

PROGRAMA TDT	euros
TL01C	2.259,35
TL02C	14.178,75
TL03C	4.825,33
TL04C	3.468,05
TL05C	5.326,25
TL06C	1.140,15
TL07C	794,25
TL01LU	430,75
TL02LU	3.823,30
TL03LU	938,73
TL04LU	1.211,05
TL05LU	1.525,48
TL01OU	798,08
TL02OU	794,68
TL03OU	5.264,45
TL04OU	811,53
TL01PO	862,55
TL02PO	1.593,05
TL03PO	4.510,90
TL04PO	15.891,50
TL05PO	3.562,10
AUTONÓMICA	155.804,45

02 Arrendamento de licenzas para prestadores de servizo de comunicación audiovisual: 50 % sobre a taxa resultante da adxudicación da licenza

03 Autorización da modificación na titularidade das accións, participación ou títulos equivalentes dos prestadores dos servizos de comunicación audiovisual, así como as ampliacións de capital, cando a subscrición de accións ou títulos equivalentes non se realice en idéntica proporción entre os propietarios do capital social: 56,43 €

04 Inspección e control das actividades dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual: 126,21 €

05 Rexistro de prestadores de servizos de comunicación audiovisual:

— Primeira inscrición: 62,70 €
— Modificacións: 31,35 €
— Certificacións rexistrais: 15,68 €”

29) Modifícase a alínea 30 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“30 Autorizacións e outras actuacións en materia de augas”

30) Suprímese a alínea 39 do anexo 2.

31) Modifícase a alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“44 Prestación de servizos no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

01 Análises de biotoxinas mariñas en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:

— Análise de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método de 1978 Yasumoto: 47,52 €

— Análise de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método de 1984 Yasumoto: 54,32 €

— Análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC: 47,52 €

— Análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC: 47,52 €

— Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método Yasumoto 1978, análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC e análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC: 101,86 €

— Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por bioensaio en rato segundo o método Yasumoto 1984, análise de toxicidade tipo PSP por bioensaio en rato segundo o método da AOAC e análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC: 108,65 €

02 Análises de mostras en auga de mar:

— Identificación e reconto de fitoplancto mariño mediante microscopía óptica: 135,80 €
— Identificación e reconto de fitoplancto tóxico mariño mediante microscopía óptica: 121,80 €
— Análise de carbono orgánico disolto: 50,93 €
— Análise de nutrientes inorgánicos disoltos: 35,00 €
— Análise de pigmentos fotosintéticos (clorofila “a”) por espectrofluorimetría: 16,98 €

03 Análises microbiolóxicas en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:

— Cuantificación de E. Coli: 101,86 €
— Detección de Salmonella spp.: 169,75 €

04 Análises de contaminantes de orixe química en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:

— Determinación de metais pesados (Pb, Cd, Cu, Zn, As, Hg, Ni, Cr, Ag) mediante espectrofotometría de absorción atómica, por metal: 67,90 €
— Determinación de compostos bifenilos policlorados (PCB) mediante cromatografía de gases-espectrometría de masas: 509,26 €
— Determinación de pesticidas organoclorados mediante cromatografía de gases-espectrometría de masas: 509,26 €
— Determinación de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) mediante cromatografía líquida con detección de fluorescencia: 282,00 €
05 Análise histopatolóxica de moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:
— Estudo hispatolóxico. Determinación de Bonamia, Marteilia, Perkinsus e outras alteracións patolóxicas: 1.018,52 €”

32) Modifícase a alínea 03 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“03 Dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato, incluídas as adquisicións ou subministracións especificadas nos proxectos e as correspondentes revisións de prezos a cargo da administración para a xestión e execución das devanditas actividades, calquera que for a forma de adxudicación do contrato.

A base da taxa será o orzamento de execución material, coa inclusión, de ser o caso, das revisións de prezos e das adquisicións e subministracións específicas nos proxectos e segundo as certificacións expedidas polo servizo.

O tipo será do 4 %.”

33) Modifícase a subalínea 01 da alínea 07 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“01 Capacitación profesional para o exercicio de actividades en materia de seguridade industrial: realización de probas para a obtención do certificado e a expedición de certificados de capacitación profesional: 38,37 €”

34) Suprímense as subalíneas 12, 17 e 18 da alínea 07 do anexo 3.

35) Engádeselle a subalínea 22 á alínea 07 do anexo 3, coa seguinte redacción:

“22 Presentación de declaracións responsables de inicio de actividade: 38,37 €”

36) Engádeselle a subalínea 23 á alínea 07 do anexo 3, coa seguinte redacción:

“23 Presentación de declaracións responsables de modificación ou cesamento de actividade: 11,05 €”

37) Engádeselle a subalínea 05 á alínea 37 do anexo 3, coa seguinte redacción:

“05 Autorización administrativa de repotenciación de parques eólicos existentes: o 40 % sobre a tarifa consignada no código 32.37.02.”

38) Suprímese a alínea 47 do anexo 3.

39) Modifícase a alínea 49 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“49 Recoñecemento e inscrición das escolas de navegación de lecer: 147,21 €”

40) Modifícase a alínea 50 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“50 Recoñecemento das escolas de mergullo: 147,21 €”

41) Modifícase a subalínea 01 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“01 Autorización de produtor de residuos perigosos: 345,92 €”

42) Modifícase a subalínea 03 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“03 Autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos: 691,85 €”

43) Suprímese a subalínea 05 da alínea 52 do anexo 3.

44) Modifícase a subalínea 09 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“09 Autorización de xestión de residuos para actividades de transporte de residuos perigosos con asunción da titularidade: 172,95 €”

45) Suprímense as subalíneas 10 e 11 da alínea 52 do anexo 3.

46) Modifícase a alínea 57 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“57 Expedición, renovación e modificación substancial da autorización ambiental integrada: 796,43 €”

47) Modifícase a alínea 63 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“63 Dirección dos contratos de servizo en materia de augas:

A base impoñible será a execución material de cada un dos contratos de servizo. O tipo de gravame será do 4 %.”

48) Engádeselle a alínea 64 ao anexo 3, coa seguinte redacción:

“64 Execución subsidiaria en expedientes sancionadores de dominio público hidráulico:

A base impoñible da taxa será o custo total da execución. O tipo será o 25 % da base impoñible.”

49) Engádeselle a alínea 65 ao anexo 3, coa seguinte redacción:

“65 Expedición de placas de instalación e inspeccións periódicas de equipos a presión: 25,17 €”

50) Engádeselle a alínea 66 ao anexo 3, coa seguinte redacción:

“66 Autorizacións para bens inmobles obxecto de concesión nas illas de Ons e Onza

01 Autorización para a novación do uso ao que se destinan os bens inmobles: 11,96 €

02 Autorización para obras de conservación, reforma e renovación dos bens inmobles: 40,68 €

03 Autorización para obras que supoñan ampliación ou incremento de volume, edificabilidade ou altura dos bens inmobles: 174,16 €

04 Autorización para o cambio de uso ao que se destinan os bens inmobles: 11,96 €

05 Autorización para a cesión temporal a terceiros do uso dos bens inmobles: 11,96 €”

51) Engádeselle a alínea 67 ao anexo 3, coa seguinte redacción:

“67 Entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia.

01 Outorgamento do título de entidade colaboradora da Administración hidráulica de Galicia: 73,48 €

02 Modificación do título de entidade colaboradora da Administración hidráulica de Galicia: 41,68 €

03 Renovación do título de entidade colaboradora da Administración hidráulica de Galicia.: 10,91 €

04 Inspección e control das entidades que teñan o título de entidade colaboradora da Administración hidráulica de Galicia: 118,41 €”

52) Engádese unha nova regra á tarifa X-3 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, coa redacción que se transcribe a seguir e enumerada como décimo quinta, e reenuméranse todas as regras a partir da actual décimo quinta nun ordinal máis:

“Décimo quinta.- Para potenciar a captación e consolidación de tráficos en cada porto, Portos de Galicia poderá aplicar bonificacións singulares sobre a cota líquida desta tarifa a aqueles tráficos que sexan sensibles para a economía de Galicia ou que teñan a condición de prioritarios ou estratéxicos, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas a determinados tipos de tráficos e operacións en colaboración co sector privado e a súa adaptación a condicións de mercado.

Enténdese por cota líquida a que resulta de aplicarlle á cota íntegra as restantes bonificacións previstas nesta lei.

Só terán dereito a estas bonificacións os suxeitos pasivos con compromisos de tráficos relevantes aprobados no correspondente convenio con Portos de Galicia.

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

a) O tipo de tráfico comprometido.

b) O volume de tráfico comprometido e a súa evolución anual medido en toneladas de mercadorías, contedores e número de vehículos.

c) A duración do convenio.

A máxima bonificación que se poderá acadar sobre a cota líquida será do 60 %.”

53) Modifícase a regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

“Sexta.- A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,034893 euros.
Zona II: 0,020935 euros.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380 euros.
2. Atracada de costado: 0,095952 euros.
3. Atracada a banqueta ou dique: 0,019191 euros.
4. Ancoraxe: 0,038380 euros.
5. Embarcacións en seco: 0,081416 euros.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0,016282 euros.
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 euros.
3. Toma de auga: 0,005815 euros.

4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 euros.

Cando o organismo portuario acoute especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías das alíneas 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais menores ou iguais a 1 GT serán as anteriormente indicadas cunha bonificación do 25 %. Para as restantes embarcacións tradicionais, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación do 90 %.

Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinada para tal fin e debidamente autorizada.

Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos puntos 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.”

54) Modifícase a letra b) da regra sétima da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

“b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.”

55) Engádese o seguinte parágrafo ao final da regra oitava da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, coa redacción que se transcribe a seguir:

“Portos de Galicia aplicaralles unha bonificación do 40 % ás embarcacións deportivas ou de lecer, menores de 2 GT e con motores tamén menores de 20 HP, que sexan titularidade dos xubilados do mar.”

56) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

“Décimo primeira.- As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesións, agás que no título concesional se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario lle entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este lles poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso coma ás que teñen base na concesión, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso o concesionario entregaralle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 20 % da contía da tarifa que lle corresponda, dependendo da composición e do porte da frota da concesión.”

57) Elimínase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

58) Modifícase a regra décimo terceira, que pasa a ser a regra décimo segunda, da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“Décimo segunda.- Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, poderase aplicar unha redución na contía da tarifa de ata o 20 %, dependendo da composición e porte da frota afectada, sempre que o xestor se subrogue na obriga do pagamento dos suxeitos pasivos. Neste caso o xestor da instalación entregaralle a Portos de Galicia a documentación que este organismo lle requira, consonte o procedemento e formato que se determine.”

59) Reenuméranse as regras décimo cuarta e décimo quinta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que pasan a ser as regras décimo terceira e décimo cuarta respectivamente.

60) Modifícase a regra sétima da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“Sétima.- As contías, expresadas en euros, serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:

Zona de manobra e tránsito (no caso de existir autorización)	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ao 10	0,037035	0,024669	0,018548
Días 11 ao 20	0,113430	0,07560	0,056745
Días 21 e seguintes	0,223736	0,149178	0,111899
Zona de almacenamento	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Superficie descuberta	0,020201	0,013467	0,010100
Superficie cuberta	0,077620	0,051726	0,038749

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente.

Aos elementos mecánicos tales como guindastres ou cintas móbiles, que ocupen superficie descuberta e que sirvan de apoio ás operacións de carga e descarga de mercadorías de toda índole realizadas por vía marítima, que deban estar na zona de manobra e tránsito con carácter fixo ou eventual, seranlles aplicables as contías definidas no cadro anterior para a zona de almacenamento en superficie descuberta aplicada ao grupo correspondente e á superficie ocupada polo aparello e a súa zona de manobra.

En ocupacións de superficies cubertas que dispoñan de varios andares, a tarifa que se aplicará segundo o cadro anterior será o sumatorio de cada un dos andares, aplicando o 100 % dela para a planta baixa e o 50 % para os andares primeiro e seguintes, considerando en cada caso a superficie útil correspondente. No caso de que se trate de edificios de departamentos para armadores, exportadores e comercializadores relacionados coas actividades do sector pesqueiro e marisqueiro que sexan de planta baixa ou de planta baixa máis un andar, a tarifa que se aplicará será soamente o 100 % da superficie en planta baixa.
Na ocupación de tubaxes, canalizacións ou instalacións soterradas xerais do porto, a tarifa será o 50 % do que lle correspondería segundo os cadros anteriores, agás que o seu uso impida a utilización da superficie exterior. Neste caso a tarifa sería a indicada nesta regra para a superficie descuberta. A superficie que hai que considerar para canalizacións será a da proxección horizontal da tubaxe ou instalación de que se trate, cunha superficie mínima de 0,5 m2 por cada metro lineal de canalización.

As contías da tarifa para as ocupacións de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias serán, expresadas en euros, as seguintes:

	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ao 10	0,100101	0,067334	0,050504
Días 11 e seguintes	0,20202	0,134667	0,101008”

61) Engádese unha regra nova á tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, coa seguinte redacción:

“Décimo quinta.- Portos de Galicia, de acordo coa lexislación vixente en cada momento, poderá establecer os procedementos necesarios para que os usuarios poidan asumir directamente o aboamento da tarifa eléctrica ou de auga potable á empresa comercializadora, coa petición previa destes.

Calquera modificación da infraestrutura eléctrica necesaria ou de subministración de auga potable necesaria para o indicado no parágrafo anterior será por conta do usuario que o solicite e co acordo entre este e a empresa comercializadora.”

62) Modifícase o último parágrafo da regra novena da tarifa E-4 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

“Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais para a liquidación desta tarifa cos concellos e outras entidades públicas, cunha redución adicional de ata o 50 % na contía da tarifa. Os concertos estableceranse en función do tipo de servizo, do seu interese e da compatibilidade cos usos portuarios.”

63) Modifícase o punto 3 da subalínea 03 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

“3. A cota da taxa que hai que satisfacer será a que resulte das seguintes disposicións:
3.1. Contías mínimas:

a) Para os efectos da súa liquidación, a contía mínima da taxa prevista nesta alínea será de 2,96 euros.

b) No caso de que a prestación dos servizos ou o exercicio das actividades comerciais ou industriais estea vinculada a unha concesión ou autorización de ocupación de dominio público portuario, a contía anual da taxa correspondente non poderá ser inferior á cota desta taxa aplicada ao tráfico ou actividade mínima anual establecida, de ser o caso, no título habilitante da ocupación do dominio público.

3.2. A cota da taxa será a determinada nos seguintes parágrafos, sen prexuízo do disposto na alínea 3.1 anterior, segundo que a actividade sexa portuaria ou non.

A) Actividades portuarias

1. Taxa portuaria pola prestación de servizos e actividades de manipulación de carga.

A cota da taxa por servizos e actividades de manipulación de carga establécese por unidade de carga manipulada, medida en tonelada métrica de peso bruto ou fracción en función do grupo ao que pertenzan as mercadorías, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo sexta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros– contida na subalínea 01 anterior.

Grupo de mercadorías	Cota da taxa (en euros)/tonelada
1	0,006095
2	0,010158
3	0,016253
4	0,026412
5	0,040633

2. Taxa portuaria pola prestación de servizos á pasaxe.

A cota da taxa pola prestación de servizos á pasaxe establécese por pasaxeiro e vehículo en réxime de pasaxe, en función da modalidade de pasaxe e do tipo de navegación segundo se recolle na regra quinta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros– contida na subalínea 01 anterior, de acordo coa seguinte táboa:

Concepto	Tipo de navegación		
	Interior, local ou de ría	Entre portos da UE	Exterior
a) Pasaxeiros			
Bloque II	0,000828	0,025472	0,076416
Bloque I	0,001660	0,070959	0,141917

b) Vehículos			
Motocicletas e vehículos ou remolques de dúas rodas	0,002032	0,004064	0,008126
Automóbiles	0,010158	0,020317	0,040633
Camións, autocares e outros vehículos de transporte colectivo	0,050791	0,101584	0,203167

3. Taxa portuaria pola prestación de servizos técnico-náuticos.

a) Servizo de practicaxe.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

b) Servizo de amarre e desamarre.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

c) Servizo de remolque.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	17,61
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	21,13
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	24,66
Maior que 4.000 GT	28,18

4. Taxa polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques.

A cota polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque consignado, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	11,77
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	14,12
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	16,47
Maior que 4.000 GT	18,83

5. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias non previstas nos artigos anteriores establecerase por unha porcentaxe en función do importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización, de acordo coa seguinte táboa:

Actividade desenvolvida	Tipo que aplicar
Lonxas, fábricas de xeo, cámaras de frío; departamentos de armadores ou exportadores; subministración de combustible a buques; recollida de refugallos; varadoiros, talleres de reparación de embarcacións, estaleiros; depuradoras de molusco, cetarias, viveiros, acuicultura; xestión de amarres náutico-recreativos	1 por 100
Naves de almacenaxe, loxística; oficinas; venda de embarcacións, efectos navais; industrias conserveiras, transformación e manipulación da pesca	1,50 por 100

A anterior listaxe de actividades posúe para estes efectos un carácter indicativo e non limitativo.

No caso do desenvolvemento da actividade de lonxa, o importe anual da cifra neta de negocios por considerar será o resultante de aplicar ao importe do volume total anual de vendas efectuadas na lonxa a porcentaxe autorizada na concesión correspondente en concepto de tarifa que cobrará o adxudicatario do servizo pola prestación deste.

Para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste punto, a cota máxima anual da taxa será de 30.000 € para as actividades ás que se lles aplique o tipo do 1 por 100 e de 60.000 € para aquelas actividades ás que se lles aplique o tipo do 1,5 por 100.

B) Actividades non portuarias

1. Instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría.

A cota da taxa pola instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría establécese por mesa autorizada e día ou fracción en función da intensidade da actividade e da tempada do ano na que se desenvolva aquela, de acordo coa seguinte táboa:

Intensidade da actividade	Temporada (euros)		
	Alta	Media	Baixa
Alta	0,95	0,72	0,48
Media	0,80	0,60	0,40
Baixa	0,61	0,47	0,31

Considerarase que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de Ribadeo, Burela, Celeiro, Ortigueira, Cedeira, Ares, Sada, Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados, O Grove, San Vicente, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña e Baiona.

Considerarase que a intensidade da actividade é media cando se desenvolva nos portos de Foz, O Barqueiro, Cariño, Pontedeume, Malpica, Corme, Laxe, Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Portocubelo, O Freixo, Testal, Cabo de Cruz, Meloxo, Meira, Aldán, Panxón e A Guarda.

Considerarase que a intensidade da actividade é baixa cando se desenvolva nos restantes portos e instalacións non previstos nos parágrafos anteriores.

Considerarase tempada alta os meses de xullo e agosto, tempada media os meses de xuño e setembro e tempada baixa os restantes meses do ano.

No caso de que a autorización se outorgue por prazo dun ano natural, considerarase para efectos da aplicación desta taxa que durante a tempada baixa o período de desenvolvemento da actividade será de sesenta días.

2. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais non portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio das restantes actividades comerciais ou industriais non portuarias establécese como o 2 por 100 do importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización. A cota anual máxima desta taxa para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio dos restantes servizos e actividades comerciais e industriais non portuarias será de 120.000 €.

3.3. A taxa será liquidada por Portos de Galicia na forma e prazos determinados regulamentariamente. Os suxeitos pasivos deberán presentar as declaracións que

correspondan na forma, lugar e prazos que se determinen regulamentariamente. Os suxeitos pasivos desta taxa estarán obrigados a conservar, durante o prazo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas e calquera outro elemento necesario para determinar a débeda tributaria. Así mesmo, os suxeitos pasivos quedarán obrigados a levar os libros e rexistros que regulamentariamente se establezan.

En especial, cando para a determinación da contía da taxa sexa preciso o coñecemento da cifra neta de negocios, os suxeitos pasivos terán as mesmas obrigas documentais e formais contables que as establecidas nas normas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades."

64) Modifícase o punto 2 da alínea 02. Dominio público portuario, que quedará redactado como segue:

"2. O tipo de gravame anual aplicado á base impoñible será o seguinte:

a) No suposto de ocupación de terreos e de augas do porto:
— Nas áreas destinadas a usos portuarios relativos ao desenvolvemento de actividades portuarias pesqueiras: o 2,5 %.
— Nas áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais e náutico-deportivas: o 5 %.
— Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 %.
— Nas áreas destinadas a usos non portuarios: o 7 %.
Respecto do espazo de auga para recheo, o 2,5 % do valor da base mentres o concesionario efectúa as obras de recheo no prazo fixado na concesión. Ao finalizar este prazo, o tipo será do 5 %.

b) No caso de ocupación do voo ou do subsolo de terreos ou espazos somerxidos:
— O 2,5 % do valor da base impoñible que corresponda aos respectivos terreos ou augas, agás que o seu uso impida a utilización da superficie. Neste caso o tipo de gravame será o que corresponda de acordo co previsto na letra a) anterior.

c) No caso de ocupación de obras e instalacións:
— Nas áreas destinadas a usos portuarios relativos ao desenvolvemento de actividades portuarias pesqueiras: o 2,5 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 25 % do valor da depreciación anual asignada.

— Nas áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais e náutico-deportivas: o 5 % dos valores dos terreos do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

— Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

— Nas áreas destinadas a usos non portuarios: o 7 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

d) No suposto de uso consuntivo: o 100 % do valor dos materiais consumidos."

65) Engádeselle a alínea 03 ao anexo 5, coa seguinte redacción:

"03 Ocupación mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas.

A cota da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicar á base impoñible o tipo de gravame correspondente, que se sinala a seguir.

Constitúe a base impoñible o valor de mercado do ben ou bens de dominio público obxecto daquela. Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o valor actualizado do ben ou bens segundo o Inventario xeral dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmoble, de ser o caso. Esta base actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) que corresponda e será efectiva a partir de cada 1 de xaneiro. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é o valor de mercado no primeiro ano da súa vixencia e cal será o mes de cálculo da variación do IPC que se empregue para a súa actualización anual.

O tipo de gravame será do 2 % cando a actividade que se vaia desenvolver no inmoble sexa a prestación dun servizo público, e do 6 % para o resto das actividades."

66) Engádeselle a alínea 04 ao anexo 5, coa seguinte redacción:

"04 Ocupación de inmobles nas illas de Ons e Onza.

A cota da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicar á base impoñible o tipo de gravame que corresponda en cada caso, tendo en conta o uso e o tipo de solo.

Constitúe a base impoñible o total de metros cadrados do ben inmoble de dominio público que fose obxecto de concesión. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é a base impoñible medida en metros cadrados que fose concedida.

Os tipos de gravame anuais que hai que aplicar sobre a base impoñible son os que se especifican a seguir:

a) Uso vinculado á residencia ou vivenda:
— por m2 construído con uso residencial: 4 €/m2
— por m2 construído con uso non residencial: 1,5 €/m2
— por m2 non construído complementario ao uso residencial: 0,5 €/m2
b) Uso comercial, vinculado exclusivamente á hostalaría, restauración ou alimentación:
— por m2 construído con uso comercial, vinculado exclusivamente á hostalaría, restauración ou alimentación: 7,5 €/m2
— por m2 construído de edificacións auxiliares: 2,5 €/m2
— por m2 de patios, terrazas ou outras superficies ocupadas anexas ao inmoble: 2,5 €/m2
c) Uso agrario tradicional: por m2: 0,06 €/m2”

Artigo 60. Criterios de afectación de determinados tributos

Un. A totalidade dos ingresos previstos polo tipo de gravame autonómico do imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos, establecido polo artigo 5 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, queda afectado ao financiamento de gastos de natureza sanitaria. Para tal efecto, consignarase, polo seu importe, unha transferencia específica no estado de ingresos do Servizo Galego de Saúde.

Dous. A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas no programa 542A, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, protección e mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos. Para tal efecto, consignarase, polo seu importe, unha transferencia de capital específica no estado de ingresos do organismo autónomo Augas de Galicia.

Tres. A metade da dotación anual que cos recursos do canon eólico corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 542A, 551B e 713B do estado de gastos.

Disposición adicional primeira. Información ao Parlamento

Un. A Consellería de Facenda facilitaralle trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referida ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, polos seus organismos autónomos, polas axencias públicas autonómicas ou polas sociedades públicas, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, pagamentos efectuados por falidos, importes recuperados e risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma coma aos seus organismos autónomos e ás súas sociedades públicas.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta ás que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Os plans aos que se refire a disposición adicional segunda desta lei.

Dous. A Consellería de Facenda comunicaralle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas conforme o previsto na letra q) do artigo 6 desta lei.

b) As modificacións efectuadas consonte o indicado no artigo 10.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas e das sociedades públicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2011.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. comunicaralle mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

Disposición adicional segunda. Sociedades públicas

As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que adecúan a súa actividade ao dereito privado e as sociedades mercantís que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer a situación de equilibrio nos seus orzamentos.

O citado plan deberáselle remitir á Consellería de Facenda para a súa aprobación dentro dos tres meses seguintes a aquel no que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais nas que esta circunstancia se reflicta.

Disposición adicional terceira. Autorización de orzamentos en sociedades de nova creación

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital previstos no artigo 83 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, das sociedades públicas que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2011.

Disposición adicional cuarta. Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación

Un. Para as axencias públicas que se puideren constituír ata o 31 de decembro do ano 2011 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e por iniciativa da consellaría da que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, organismo ou entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous. Con todo, cando a axencia que se constitúa asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda, manténdose o equilibrio orzamentario.

Tres. No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos, ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nas alíneas anteriores, se considere procedente non alterar durante o ano 2011 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.

Disposición adicional quinta. Regulación do Fondo de Cooperación Local

Un. A achega da Xunta de Galicia, con recursos propios, ao financiamento das entidades locais farase efectiva a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma. Os recursos obtidos polos concellos con cargo ás dotacións orzamentarias deste fondo terán carácter de financiamento incondicionado.

Dous. A porcentaxe da participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral queda establecida no 2,3505369 % para o exercicio 2011.

Esa porcentaxe é igual á proporción que representa a suma das cantidades correspondentes ao 2010 pola participación no Fondo de Cooperación Local e no Fondo extraordinario de apoio aos concellos, sobre a resultante da oportuna homoxeneización da estrutura dos ingresos da Comunidade Autónoma para o ano 2010, derivada do establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e as cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Tres. A dotación do Fondo de Cooperación Local consignarase na sección 21 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Nela situaranse créditos equivalentes ao 96 % da cantidade resultante da aplicación da porcentaxe a que se refire a alínea anterior.

Catro. Unha vez deducida da dotación do fondo a participación que corresponda á Federación Galega de Municipios e Provincias, conforme o acordado pola Comisión Galega de Cooperación Local, a contía resultante transferirase aos concellos con carácter de entrega a conta, por doceavas partes, mediante pagamentos mensuais que se realizarán durante a segunda quincena do mes ao cal corresponda.

Coñecida a liquidación dos orzamentos de ingresos da Administración xeral, practicarase aos concellos a pertinente liquidación definitiva, transferindo ou retendo o importe que corresponda, que se distribuirá proporcionalmente nos catro meses inmediatamente posteriores ao coñecemento desta liquidación.

Cinco. Nos exercicios posteriores a 2011, as dotacións do fondo incrementaranse conforme o índice de evolución que experimente a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral.

A determinación do índice anual realizarase comparando a recadación do exercicio considerado coa do ano inmediato anterior. Estas magnitudes deberán estar convenientemente homoxeneizadas no caso de que se produzan modificacións substanciais na actual estrutura dos capítulos sinalados, nas porcentaxes de cesión dos tributos estatais ou variacións nos tipos impositivos estatais dos impostos especiais de fabricación e do IVE.

Os recursos que deriven da aplicación do índice de evolución e incorporados en cada exercicio seguirán, en canto ao seu réxime de dotación orzamentaria, entregas a conta e liquidación definitiva, o establecido nas alíneas Dous e Tres desta disposición.

Seis. A distribución dos novos recursos que se integren no fondo en cada exercicio realizarase de acordo cos criterios que aprobe a Comisión Galega de Cooperación Local, entre os que, necesariamente, se terán en conta os seguintes: habitantes, superficie, núcleos de poboación, porcentaxe de maiores de 65 anos e esforzo fiscal.

Sete. En ningún caso, a repartición inicial do exercicio 2011 será inferior ás cantidades que cada concello recibiu en 2010 pola súa participación no Fondo de Cooperación Local e no Fondo extraordinario de apoio aos concellos. O coeficiente que corresponda a cada concello utilizarase tanto na determinación das entregas a conta coma na da liquidación correspondentes a 2011.

Disposición adicional sexta. Prestacións familiares por coidado de fillos

Aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, teñan ao seu cargo fillos menores de 3 anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2009, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estean obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

Disposición adicional sétima. Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.

Disposición adicional oitava. Prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos

No ano 2011 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única de 206 euros.

O Consello da Xunta, por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social, aprobará as normas de desenvolvemento necesarias para o recoñecemento do dereito e o pagamento das prestacións.

Disposición adicional novena. Concertos, contratos e convenios de colaboración

Os importes dos concertos, contratos e convenios de colaboración que teña subscritos a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades do sector público adecuaranse ás novas condicións retributivas que derivan das previsións desta lei.

En particular, no ámbito do ensino privado concertado suspéndese o Acordo do 24 de abril de 2008, polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 % no complemento retributivo da Comunidade Autónoma (CRCA) e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Disposición adicional décima. Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

Disposición transitoria primeira. Persoal do Tribunal Galego de Defensa da Competencia

En tanto non entre en vigor a lei reguladora do Consello Galego da Competencia, o presidente e os vogais do Tribunal Galego de Defensa da Competencia percibirán as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2010.

Disposición transitoria segunda. Portos de Galicia Redución da contía da tarifa X-5
Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei incluíren nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15 % por subrogarse nas obrigas de pagamento dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións,

manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. No caso de modificación ou prórroga deste, aplicarase o disposto na regra décimo segunda da tarifa X-5, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria terceira. Ocupacións de dominio público mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas Réxime transitorio

As ocupacións de dominio público mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas existentes á entrada en vigor desta lei baseadas en título suficiente, vixente ou prorrogado consonte a norma, seguiranse rexendo polo disposto no seu título ata a extinción deste.

Disposición derrogatoria única.

Quedan derrogadas a disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo; a disposición adicional sexta da Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002; e a alínea Dous da disposición adicional sexta da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons

Modifícase o artigo 9 da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons, que queda redactado como segue:

“Artigo 9. Taxa pola utilización privativa do dominio público.

1. As concesións concedidas ao abeiro do disposto nesta lei quedan suxeitas ao pagamento dunha taxa anual pola utilización privativa dos inmobles existentes na illa de Ons.
2. Respecto da regulación dos elementos esenciais da taxa e da determinación das súas tarifas, haberá que aterse ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento da lei

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

Disposición derradeira terceira.Vixencia

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2011, agás os artigos 51 e 59 e a disposición adicional quinta e a disposición derradeira primeira, que terán vixencia indefinida.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

ANEXO 1

Artigo 6.g)

Distribución de taxas e prezos

(euros)

CONSELLARÍA	TAXAS	PREZOS	TOTAL
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (DOG)	335.000	-	335.000
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Outras)	4.328.368	32.535	4.360.903
FACENDA (selección de persoal)	41.030	-	41.030
FACENDA (outras)	1.069.284	-	1.069.284
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	10.627.586	531.396	11.158.982
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (selección de persoal)	145.143	-	145.143
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (outras)	2.095.546	2.984.495	5.080.041
ECONOMÍA E INDUSTRIA	4.329.304	1.058.454	5.387.758
MEDIO RURAL	4.741.034	2.761.091	7.502.125
CULTURA E TURISMO	583.993	52.055	636.048
SANIDADE	2.089.305	-	2.089.305
MAR	1.140.323	-	1.140.323
TRABALLO E BENESTAR	503.342	14.269.614	14.772.956
Total	32.029.258	21.689.640	53.718.898

ANEXO 2

Artigo 54

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados

Educación infantil:

(Ratio profesor/unidade: 1,08:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 29.678,77

Gastos variables: 4.039,51

Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,

incluídas cargas sociais: 6.962,30

Outros gastos: 6.020,95

Importe total anual: 46.701,53

Educación primaria:

Centros de ata 6 unidades de primaria

(Ratio profesor/unidade: 1,40:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 38.472,48

Gastos variables: 5.236,41

Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais: 9.025,24

Outros gastos: 6.020,95

Importe total anual: 58.755,08

Centros de máis de 6 unidades de primaria

(Ratio profesor/unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 37.373,27
Gastos variables: 5.086,79
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 8.767,37
Outros gastos: 6.020,95
Importe total anual: 57.248,38

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):

Educación básica primaria:
(Ratio profesor/unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 30.777,99
Gastos variables: 4.189,13
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 7.220,15
Outros gastos: 6.422,40
Importe total anual: 48.609,67

Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:
Psíquicos: 20.011,46
Autistas ou problemas graves de personalidade: 23.109,92
Auditivos: 18.619,87
Pluridefícientes: 23.109,92

Programas de formación para a transición á vida adulta:
(Ratio profesor/unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 54.960,68
Gastos variables: 4.907,57
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 12.893,13
Outros gastos: 9.058,94
Importe total anual: 81.820,32

Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:
Psíquicos: 31.951,05
Autistas ou problemas de personalidade: 35.529,17
Auditivos: 24.755,72
Pluridefícientes: 35.529,17

Educación secundaria obrigatoria:

Primeiro e segundo curso:
Centros de ata 4 unidades de ESO
(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 50.341,81
Gastos variables: 9.666,23
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 12.834,39
Outros gastos: 7.827,26
Importe total anual: 80.669,69

Centros de máis de 4 unidades de ESO
(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 49.050,99
Gastos variables: 9.418,39
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 12.505,31
Outros gastos: 7.827,26
Importe total anual: 78.801,95

Terceiro e cuarto curso:
Centros de ata 4 unidades de ESO
(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 50.341,81
Gastos variables: 9.666,23
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 10.639,06
Outros gastos: 8.639,29
Importe total anual: 79.286,39

Centros de máis de 4 unidades de ESO
(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 49.050,99
Gastos variables: 9.418,39
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,
incluídas cargas sociais: 10.366,26
Outros gastos: 8.639,29
Importe total anual: 77.474,93

Ciclos formativos:

(Ratio profesor/unidade grao medio: 1,52:1)
(Ratio profesor/unidade grao superior: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:
Primeiro curso: 47.883,98
Segundo curso:

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:
Primeiro curso: 47.883,98
Segundo curso: 47.883,98

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:
Primeiro curso: 47.883,98
Segundo curso:

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:
Primeiro curso: 47.883,98
Segundo curso: 47.883,98

Gastos variables:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:
Primeiro curso: 6.466,15
Segundo curso:

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:
Primeiro curso: 6.466,15
Segundo curso: 6.466,15

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 horas a 1.700 horas:

Primeiro curso: 6.959,66

Segundo curso:

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso: 6.959,66

Segundo curso: 6.959,66

Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais

Ciclos formativos de grao medio: 10.366,26

Ciclos formativos de grao superior: 10.366,26

Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Condución de actividades físico-deportivas no medio natural.

Servizos de restaurante e bar.

Animación turística.

Estética persoal decorativa.

Química ambiental.

Farmacia.

Hixiene bucodental.

Primeiro curso: 10.178,78

Segundo curso: 2.380,58

Grupo 2. Ciclos formativos de:

Xestión administrativa.

Secretariado.

Mergullo a media profundidade.

Laboratorio de imaxe.

Comercio.

Xestión comercial e marketing.

Servizos ao consumidor.

Axencias de viaxes.

Aloxamento.

Información e comercialización turísticas.

Elaboración de aceites e zumes.

Elaboración de produtos lácteos.

Elaboración de viño e outras bebidas.

Matadoiro e carnizaría, chacinaría.

Muiñaría e industrias cerealistas.

Laboratorio.

Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.

Coidados auxiliares de enfermaría.

Documentación sanitaria.

Curtidos.

Patronaxe.

Procesos de ennobrecemento téxtil.

Aceites de oliva e viños.

Primeiro curso: 12.376,05

Segundo curso: 2.380,58

Grupo 3. Ciclos formativos de:

Conservaría vexetal, cárnica e de peixe.

Transformación de madeira e cortiza.

Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.

Operacións de proceso e pasta de papel.

Operacións de proceso de planta química.

Operacións de transformación de plásticos e caucho.

Industrias de proceso de pasta e papel.

Industrias de proceso químico.

Plástico e caucho.

Operacións de ennobrecemento téxtil.

Primeiro curso: 14.729,24

Segundo curso: 2.380,58

Grupo 4. Ciclos formativos de:

Encadernados e manipulados de papel e cartón.

Impresión en artes gráficas.

Fundición.

Tratamentos superficiais e térmicos.

Fabricación industrial de carpintaría e moble.

Calzado e marroquinaría.

Produción de fiadura e teceduría de calada.

Produción de tecidos de punto.

Procesos de confección industrial.

Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada.

Procesos téxtiles de teceduría de punto.

Operacións de fabricación de produtos cerámicos.

Operacións de fabricación de vidro e transformados.

Fabricación e transformación de produtos de vidro.

Confección.

Primeiro curso: 17.041,30

Segundo curso: 2.380,58

Grupo 5. Ciclos formativos de:

Realización e plans de obra.

Asesoría de imaxe persoal.

Radioterapia.

Animación sociocultural.

Integración social.

Primeiro curso: 10.178,78

Segundo curso: 3.849,67

Grupo 6. Ciclos formativos de:

Operacións de cultivo acuícola.

Primeiro curso: 14.729,24

Segundo curso: 3.849,67

Grupo 7. Ciclos formativos de:

Explotacións gandeiras.

Xardinaría.

Traballos forestais e de conservación do medio natural.

Xestión e organización de empresas agropecuarias.

Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.

Administración e finanzas.

Pesca e transporte marítimo.

Navegación, pesca e transporte marítimo.

Produción de audiovisuais, radio e espectáculos.

Comercio internacional.

Xestión do transporte.

Obras de albanelaría.

Obras de formigón.

Operación e mantemento de maquinaria de construción.

Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.

Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Óptica de anteollaría.

Caracterización.

Perrucaría.

Estética.

Explotación de sistemas informáticos.

Administración de sistemas informáticos.

Desenvolvemento de aplicacións informáticas.

Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble.

Prevención de riscos profesionais.

Anatomía patolóxica e citolóxica.

Saúde ambiental.

Audiopróteses.

Dietética.

Imaxe para o diagnóstico.

Laboratorio de diagnóstico clínico.

Ortoprotésica.

Educación infantil.

Interpretación da lingua de signos.

Atención sociosanitaria.

Xestión de aloxamentos turísticos.

Servizos en restauración.

Panadaría, repostaría e confeitaría.

Laboratorios de análises e control de calidade.

Química industrial.

Planta química.

Audioloxía protésica.

Emerxencias sanitarias.

Farmacia e parafarmacia.

Educación infantil (actualizado).

Primeiro curso: 9.167,25

Segundo curso: 11.074,12

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Explotacións agrarias extensivas.

Explotacións agrarias intensivas.

Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.

Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.

Equipos electrónicos de consumo.

Equipos e instalacións electrotécnicas.

Desenvolvemento de produtos electrónicos.

Instalacións electrotécnicas.

Sistemas de regulación e control automáticos.

Acabados de construción.

Restauración.

Mantemento de aviónica.

Próteses dentais.

Instalacións eléctricas e automáticas.

Sistemas microinformáticos e redes.

Cociña e gastronomía.

Confeccións e moda.

Patronaxe e moda.

Produción agropecuaria.

Primeiro curso: 11.290,71

Segundo curso: 12.887,91

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Animación de actividades físicas e deportivas.

Deseño e produción editorial.

Produción en industrias de artes gráficas.

Imaxe.

Realización de audiovisuais e espectáculos.

Son.

Sistemas de telecomunicación e informáticos.

Desenvolvemento de proxectos mecánicos.

Produción por fundición e pulvimetalurxia.

Produción por mecanizado.

Fabricación a medida e instalación de madeira e moble.

Produción de madeira e moble.

Montaxe e mantemento de instalación de frío, climatización e produción de calor.

Desenvolvemento de proxectos de instalación de fluídos, térmicas e de manutención.

Mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos.

Carrozaría.

Electromecánica de vehículos.

Automoción.

Mantemento aeromecánico.

Programación da produción.

Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.

Mantemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.

Carrozaría (actualizado).

Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

Automoción (actualizado).

Primeiro curso: 13.279,90

Segundo curso: 14.733,80

Grupo 10. Ciclos formativos de:

Produción acuícola.

Preimpresión en artes gráficas.

Xoiaría.

Mecanizados.

Soldadura e caldeiraría.

Construcións metálicas.

Industria alimentaria.

Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas.

Mantemento ferroviario.

Mantemento de equipo industrial.

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.

Vitivinicultura.

Construcións metálicas (actualizado).

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos (actualizado).

Primeiro curso: 15.361,16

Segundo curso: 16.471,77

Programas de cualificación profesional inicial:

(Ratio profesor/unidade: 1,44:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais: 45.363,77

II. Gastos variables: 6.125,83

III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma,

incluídas cargas sociais: 9.906,52

IV. Outros gastos:

Grupo 1: 7.502,54

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:

Administración.
Comercio e marketing.
Hostalaría e turismo.
Imaxe persoal.
Sanidade.
Servizos socioculturais e á comunidade.
Administración e xestión.
Artesanías.
Química.
Seguridade e medio ambiente.

Grupo 2: 8.577,66

Sobre cualificacións de nivel 1 das familias profesionais de:

Actividades agrarias.
Artes gráficas.
Comunicación, imaxe e son.
Edificación e obra civil.
Electricidade e electrónica.
Fabricación mecánica.
Industrias alimentarias.
Madeira e moble.
Mantemento de vehículos autopropulsados.
Mantemento e servizos á produción.
Téxtil, confección e pel.
Agraria.

Imaxe e son.

Enerxía e auga.

Industrias extractivas.

Madeira, moble e cortiza.

Transporte e mantemento de vehículos.

Marítimo-pesqueira.

Instalación e mantemento.

Informática.

2.º curso de PCPI: 7.502,54

ANEXO 3

Artigo 58

CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS		
121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL		300.000
05.01.121A.760.0	PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS	100.000
05.01.121A.760.0	ACTUACIÓNS EN MATERIA DE COOPERACIÓN LOCAL	200.000
131A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA		815.908
05.02.131A.461.0	SUBVENCIÓN GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ	565.908
05.02.131A.461.1	AXUDAS A CORPORACIÓNS LOCAIS SECRETARÍAS XULGADOS DE PAZ	250.000
141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL		5.634.891
05.03.141A.460.0	AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	155.000
05.03.141A.460.1	SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL E ENTIDADES LOCAIS MENORES	165.000

05.03.141A.760.0	INVESTIMENTOS SEDES DAS ENTIDADES LOCAIS	2.550.000
05.03.141A.760.1	CONSTRUCIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS	1.193.462
05.03.141A.760.3	PLANS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1.571.429
151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA		437.710
09.03.151A.460.0	TRANSFERENCIAS CORRENTES A CORPORACIÓNS LOCAIS	397.710
09.03.151A.760.0	FORMACIÓN DO PERSOAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	40.000
212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		7.097.702
05.05.212A.460.0	GASTOS SERVIZOS CONTRA INCENDIOS ENTES LOCAIS	6.090.716
05.05.212A.460.1	SUBVENCIÓNS Á FEGAMP PARA FUNCIONAMENTO DOS GRUMIR	418.000
05.05.212A.760.0	CONSTRUCIÓN DE PARQUES DE BOMBEIROS	438.986
05.05.212A.760.1	ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL	150.000
312B-PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA		3.137.177
12.02.312B.460.2	PROGRAMA CONCILIACIÓN VIDA FAMILIAR E LABORAL	2.547.177
12.02.312B.760.1	ESCOLAS INFANTÍS. PLAN EDUCA3	590.000
312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS		900.000
04.50.312C.460.0	APOIO A INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN	400.000
04.50.312C.460.0	PLAN DE ACCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES	500.000
312D-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES		23.066.839
12.02.312D.460.0	PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	23.066.839
312E-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE		1.445.415
12.06.312E.460.0	TRANSFERENCIAS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS	1.445.415
312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE		173.850
12.07.312F.460.0	AXUDAS A CONCELLOS. VOLUNTARIADO	173.850
312G-APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL		232.685
04.40.312G.460.1	RECURSOS PARA PROGRAMAS CONCILIACIÓN NO ÁMBITO LOCAL	232.685
313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE		1.103.202
12.07.313A.460.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA INFORMACIÓN E ACTIVIDADES XUVENÍS	776.000
12.07.313A.760.0	AXUDAS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA CONSTRUCIÓNS E EQUIPAMENTOS	327.202
313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER		3.540.558
04.40.313B.460.0	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA PARA DESENVOLVER POLAS ENTIDADES LOCAIS	287.500
04.40.313B.460.0	SUBVENCIÓNS PARA CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES	2.722.500

04.40.313B.460.1	RECURSOS PARA A MELLORA DA EMPREGABILIDADE	24.381
04.40.313B.460.2	DINAMIZACIÓN DA IGUALDADE NO ÁMBITO MUNICIPAL	506.177
313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS		25.945.821
12.02.313C.460.1	PLAN DE DESENVOLVEMENTO XITANO	426.000
12.02.313C.460.2	PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS	16.056.456
12.02.313C.460.3	PROGRAMA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	7.492.421
12.02.313C.760.0	INVESTIMENTOS EN SERVIZOS SOCIAIS	1.620.944
12.02.313C.761.0	PLAN ELIMINACIÓN BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	350.000
313D-PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO		230.000
04.40.313D.460.0	DESENVOLVEMENTO LEI INTEGRAL VIOLENCIA DE XÉNERO (CENTROS DE ACOLLIDA)	230.000
322A-FOMENTO DA EMPREGABILIDADE		70.252.082
12.04.322A.460.0	PROGRAMA PARA ADQUISICIÓN DE EXPERIENCIA DE PERSOAS DESEMPREGADAS	50.152.082
12.04.322A.460.0	FOMENTO DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR: AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	6.300.000
12.04.322A.460.2	ESCOLAS OBRADOIRO, CASAS DE OFICIOS E OBRADOIROS DE EMPREGO	13.800.000
322B-INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL		3.982.879
12.05.322B.460.0	ORIENTACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO	1.100.000
12.05.322B.460.2	ORIENTACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO	1.300.000
12.05.322B.461.0	FUNCIONAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO	687.560
12.05.322B.461.0	INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	90.649
12.05.322B.461.0	PLAN DE ALFABETIZACIÓN. FORMACIÓN DO PORTAL DE EMPREGO	131.666
12.05.322B.461.0	DEMOGRAFÍA. FORMACIÓN E ORIENTACIÓN	673.004
323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS		10.195.199
12.05.323A.460.1	FORMACIÓN PRIORITARIA DESEMPREGADOS	10.195.199
324A-MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL		250.000
12.03.324A.460.0	FOMENTO DO COOPERATIVISMO	250.000
413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA		7.792.519
10.02.413A.460.0	PROGRAMAS DE SAÚDE PÚBLICA	12.276
10.02.413A.460.2	CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS	7.650.243
10.80.413A.760.0	PROGRAMA DE LOITA CONTRA AS DROGODEPENDENCIAS	130.000
422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS		350.000
09.04.422E.460.0	SUBVENCIÓNS ÁS ESCOLAS E CONSERVATORIOS DE MÚSICA	150.000

09.04.422E.460.1	SUBVENCIÓNS ÁS ESCOLAS E CONSERVATORIOS DE MÚSICA	200.000
422H-OUTRAS ENSINANZAS		200.000
09.04.422H.460.0	AXUDAS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS ADULTAS	200.000
423A-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO ENSINO		633.422
09.01.423A.460.0	AXUDAS CONCELLOS EN MATERIA DE RECURSOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS	260.000
09.01.423A.460.1	CONVENIOS COLABORACIÓN CONCELLOS CON CPI SERVIZOS LIMPEZA	373.422
423B-PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR		300.000
09.04.423B.460.0	PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR TEMPERÁN	220.000
09.04.423B.460.1	MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR	80.000
432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS		1.661.441
11.04.432B.760.0	CONSTRUCIÓNS E EQUIPAMENTOS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS	1.661.441
433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL		485.482
11.03.433A.760.0	CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO	485.482
441A-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA		422.305
04.60.441A.460.0	PLAN DE DINAMIZACIÓN DEPORTIVA NOS CONCELLOS	150.000
04.60.441A.760.0	SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS	272.305
451A-FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA		9.997.702
07.90.451A.460.0	REALOXOS EN ÁREAS DE RENOVACIÓN URBANA	22.500
07.90.451A.460.1	OFICINAS XESTORAS DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS	428.000
07.90.451A.460.1	MANTEMENTO DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE REHABILITACIÓN	2.252.500
07.90.451A.760.1	OUTRAS ACHEGAS A CONCELLOS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN	2.260.281
07.90.451A.760.2	INFRAVIVENDA	300.000
07.90.451A.760.3	AXUDAS PLAN CUADRIENAL DE VIVENDA E SOLO. FINANCIAMENTO AUTONÓMICO	4.734.421
451B-ACCESO Á VIVENDA		2.525.000
07.90.451B.460.0	TRANSFERENCIAS A CONCELLOS PARA ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO	75.000
07.90.451B.760.0	INFRAVIVENDA	100.000
07.90.451B.760.0	ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO	300.000
07.90.451B.760.2	AXUDAS PLAN CUADRIENAL. SOCIEDADES PÚBLICAS LOCAIS	2.050.000
512B-CONSTRUCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS		7.782.923
07.04.512B.760.0	CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS	4.593.853
07.04.512B.760.0	CONVENIO CONCELLO PONTEVEDRA (NOVA PONTE SOBRE O RÍO LÉREZ)	2.190.070

07.04.512B.760.0	CONVENIO CONCELLO LOUSAME. MELLORA VÍAS MUNICIPAIS	999.000
521A-URBANISMO		12.459.827
07.02.521A.760.0	AXUDAS PARA REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO.- ORDE 2005	114.267
07.02.521A.760.0	AXUDAS PARA REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO.- ORDE 2007	386.707
07.02.521A.760.0	AXUDAS PARA REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO.- ORDE 2008	1.653.854
07.02.521A.760.0	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A REDACCIÓN DO PXOM DO CONCELLO	223.363
07.02.521A.760.0	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OURENSE PARA A REDACCIÓN DO PXOM DO CONCELLO	130.500
07.02.521A.760.0	AXUDAS AOS CONCELLOS PARA A REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO	515.556
07.02.521A.762.0	CONVENIO CO CONCELLO DE CULLEREDO, CASA DA CULTURA	1.500.000
07.02.521A.762.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS EN CONTORNOS URBANOS	2.775.582
07.02.521A.762.0	CONVENIO CONCELLO DE VIGO: URBANIZACIÓN DAS RÚAS MANUEL ÁLVAREZ, SEVERINO COBAS E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ	2.660.000
07.02.521A.762.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS EN CONTORNOS URBANOS - PLAN HURBE-	2.499.998
531A-PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS		50.000
07.90.531A.760.0	ACHEGAS AOS CONCELLOS	50.000
541B-CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL		1.492.099
13.06.541B.760.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS	97.000
13.06.541B.760.3	AXUDAS A CONCELLOS REDE NATURA 2000	31.000
13.06.541B.760.3	AXUDAS A CONCELLOS NA REDE NATURA 2000 FEADER	1.321.733
13.06.541B.760.4	AXUDAS PARQUES NATURAIS	42.366
541D-CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS		1.471.336
07.03.541D.460.2	AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS EN MATERIA DO MEDIO AMBIENTE	589.723
07.03.541D.760.1	PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA 2010-2020	881.613
542B-INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO		9.887.703
07.82.542B.460.0	CONVENIO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CALDAS DE REIS, CUNTIS, MORAÑA E AUGAS DE GALICIA	370.000
07.82.542B.760.0	CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS-FCA	684.531
07.82.542B.760.0	CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS-FCA CONDICIONADO	8.833.172
551B-ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL		2.975.000
13.05.551B.760.0	CONVENIOS COS CONCELLOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS	2.300.000

13.05.551B.760.0	CONVENIOS COS CONCELLOS EN MATERIA DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS	675.000
561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA		55.000
08.02.561A.760.0	AXUDAS E CONVENIOS EN ENTIDADES LOCAIS	55.000
571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		963.175
04.70.571A.460.0	DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	963.175
613B-ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR		139.000
08.80.613B.460.0	AXUDAS E CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS	49.000
08.80.613B.760.0	AXUDAS E CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS	90.000
731A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA		11.328
08.01.731A.460.1	SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO A CCLL E FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO	11.328
732A-REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL		1.000.000
08.04.732A.760.0	INFRAESTRUTURAS EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS	1.000.000
733B-INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS		2.275.250
08.04.733B.760.0	INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS. CONCELLOS	2.275.250
734A-FOMENTO DA MINARÍA		1.657.156
08.04.734A.760.0	PLAN NACIONAL DO CARBÓN 2006-2012	1.657.156
751A-ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA		9.198.311
08.03.751A.761.3	ORDENACIÓN DOS ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS: EQUIPAMENTOS E VERTEBRACIÓN	8.805.109
08.03.751A.761.5	MERCADO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	383.202
08.03.751A.761.6	REMODELACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE OURENSE	10.000
761A-COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO		2.333.600
11.02.761A.760.0	MELLORA DOS RECURSOS TURÍSTICOS DAS ENTIDADES LOCAIS	1.343.600
11.02.761A.760.1	MELLORA DOS RECURSOS TURÍSTICOS DAS ENTIDADES LOCAIS	700.000
11.02.761A.760.2	MELLORA DOS RECURSOS TURÍSTICOS DAS ENTIDADES LOCAIS	290.000
811C-OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS		5.355.000
23.01.811C.460.0	TRANSFERENCIAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS OCASIONADOS POLA CONDICIÓN DE CAPITALIDADE DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.703.000
23.01.811C.460.1	TRANSFERENCIAS CORRENTES AO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA	2.652.000
	Total	242.216.497

Artigo 55.

CRÉDITOS ASIGNADOS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS		
12	ADMINISTRACIÓN XERAL	300.000
13	XUSTIZA	815.908
14	ADMINISTRACIÓN LOCAL	5.634.891
15	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	437.710
21	PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE	7.097.702
31	ACCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN SOCIAL	59.775.547
32	PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓNS DO MERCADO DE TRABALLO	84.680.160
41	SANIDADE	7.792.519
42	EDUCACIÓN	1.483.422
43	CULTURA	2.146.923
44	DEPORTES	422.305
45	VIVENDA	12.522.702
51	INFRAESTRUTURAS	7.782.923
52	ORDENACIÓN DO TERRITORIO	12.459.827
53	PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	50.000
54	ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	12.851.138
55	ACTUACIÓNS E VALORACIÓN DO MEDIO RURAL	2.975.000

56	INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	55.000
57	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	963.175
61	ACTUACIÓNS ECONÓMICAS XERAIS	139.000
73	INDUSTRIA, ENERXÍA E MINARÍA	4.943.734
75	COMERCIO	9.198.311
76	TURISMO	2.333.600
81	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS	119.679.062
	Total	356.540.559

ANEXO 4

Artigo 3. Un

Sociedades mercantís	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	12.795	250
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia	1.922	50
Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.	10.775	4.571
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	7.582	200.443
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco	1.704	18.598
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	1.797	50

Galicia Calidade, S.A.	1.653	500
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.078	7.750
S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	78	0
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística	5.016	17.412
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	6.387	14.293
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	31.157	955
Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia	839	575
Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal	5.719	462
Xenética Fontao, S.A.	3.812	300
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios	38.741	5.660
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.	94.723	8.741
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.	18.217	71.883
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	964	14.495
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	1.654	7.930
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	3.102	48.719
Total	250.715	423.638

(Miles de euros)

ANEXO 5

Artigo 3. Dous

Entes públicos	Explotación	Capital
Axencia Galega de Emerxencias	**5.983**	**5.462**
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	18.140	6.950
Consello Económico e Social	788	0
Instituto Galego de Promoción Económica	40.831	**263.321**
Portos de Galicia	28.497	18.752
Instituto Enerxético de Galicia	27.788	14.624
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.127	26.852
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	3.249	3.033
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	3.297	562
Consello Galego de Relacións Laborais	1.363	14
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, S.A.	3.824	89.124
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades	79.489	46.256
TOTAL	**216.377**	**474.949**

(Miles de Euros)

ANEXO 6

Artigo 3. Tres

Sociedades públicas	Subvencións de explotación	Subvencións de capital
Axencia Galega de Emerxencias	814	5.462
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	6.735	6.950
Consello Económico e Social	788	0
Instituto Galego de Promoción Económica	9.104	58.535
Portos de Galicia	0	10.384
Instituto Enerxético de Galicia	2.200	3.572
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	2.355	26.853
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	1.172	2.703
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	1.745	1.180
Consello Galego de Relacións Laborais	1.360	12
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, S.A.	0	86.450
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades	0	1.200
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	321	151
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia	1.882	50

Galicia Calidade, S.A.	435	500
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	650	1.700
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística	3.119	15.973
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	14.637	3.800
Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia	319	592
Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal	3.126	0
Xenética Fontao, S.A.	20	150
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios	33.432	94
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.	507	387
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	101	1.486
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	111	5
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	203	6
TOTAL	85.136	228.194

(Miles de euros)

ANEXO 7

Artigo 4. Un

Fundacións	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.787	163
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	12.777	21.665
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	2.426	151
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	49.035	290
Instituto Galego de Medicina Xenómica	3.254	117
Fundación Galicia Europa	1.340	57
Fundación Impulso, Autonomía e Atención á Dependencia	907	55
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	468	1.007
Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia	773	0
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	14.501	2.097
Instituto Feiral da Coruña	1.876	97
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.075	471
Fundación Deporte Galego	4.416	142
Fundación Illa de San Simón	224	30

Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	25.803	794
Fundación Semana Verde de Galicia	3.965	1.127
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	7.347	6.866
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	483	35
Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	929	1.688
TOTAL	134.382	36.852

(Miles de euros)

ANEXO 8

Artigo 4. Dous

Consorcios	Ingresos	Gastos
Consorcio Audiovisual de Galicia	833	833
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar	59.779	59.779
Instituto de Estudos Turísticos de Galicia	623	623
TOTAL	61.235	61.235

(Miles de euros)

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2010

D. Pedro Puy Fraga
G.P. Popular de Galicia

D.ª María José Caride Estévez
G.P. dos Socialistas de Galicia

D. Fernando Xabier Blanco Álvarez
G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 30/11/10 19:12:20
María José Caride Estévez na data 30/11/10 19:27:45
Pedro Puy Fraga na data 01/12/10 10:13:46

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727